

- CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

**ACTA Nº 19/2015
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL
- DIA 26 DE NOVEMBRO DE 2015 -**

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente:

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- BNG

Concelleiros/as:

ADELINA CES QUINTÁNS.- BNG
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG
(INCORPÓRASE AS 20:19 H)
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA.- BNG
TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG
RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG

JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.-PP
ELISA BOUZAS VICENTE.- PP
Mª JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PP
CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ.- PP

Mª CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE
Mª DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE

ANTONIO CASTRO CASTRO.- R.COMÚN-SON
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.COMÚN-SON

Concelleiros ausentes:

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP
BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.- PSOE

Interventora:

Patricia Fernández Pérez

Secretaria accidental:

Vicenta A. Campaña Martínez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:05 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria accidental, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DIA

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

3º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE TESOURERIA DE MOROSIDADE TERCEIRO TRIMESTRE 2015.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 10/2015.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO AUMENTO DO LÍMITE MÁXIMO PREVISTO PARA AS GRATIFICACIÓN DOS FUNCIONARIOS MUNICIPAIS.

6º.- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DE OFICIO DAS "BASES DUN CONVENIO PARA A REPOSICIÓN DO EQUILIBRIO ECONÓMICO DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIANXO" E RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DO EQUILIBRIO ECONÓMICO.

7º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Acta Nº 16 Sesión ordinaria do día 29 de outubro de 2015.

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

Acta Nº 17 Sesión extraordinaria do día 16 de novembro de 2015.

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/10/2015 ata o 31/10/2015, que comprenden os números 530/2015 ao 570/2015, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 18 da Sesión extraordinaria do día 14/09/2015
- Acta Nº 19 da Sesión extraordinaria do día 05/10/2015
- Acta Nº 20 da Sesión ordinaria do día 13/10/2015
- Acta Nº 21 da Sesión extraordinaria do día 29/10/2015

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE TESOURERIA DE MOROSIDADE TERCEIRO TRIMESTRE 2015.

O Sr. Alcalde da conta do informe emitido pola tesoureira municipal de data 30 de outubro de 2015.

<<INFORME DE TESOURERIA

ASUNTO: INFORME TRIMESTRAL DE MOROSIDADE. TERCEIRO TRIMESTRE 2015

I. NORMATIVA APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, pola que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público
- Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local
- Ley 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (LLCM)
- Ley 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenedibilidade financeira, modificada pola L.O. 4/2012, de 28 de setembro
- Artigo 33 da Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo ao crecemento e á creación de emprego
- Guía para a elaboración dos informes trimestrais que as EE.LL. han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, en cumprimento do artigo 4 da Lei 15/2010

II. ANTECEDENTES

A Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (LLMC), determina nos artigos cuarto e quinto a obrigatoriedade de elaboración e remisión ao Ministerio de Economía y Hacienda dun informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas incluídas no ámbito obxectivo da norma.

O tenor literal dos mencionados preceptos é o seguinte:

“Artigo cuarto.

(.....)

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas”.

III. FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMERO. Ámbito subxectivo

A LLMC establece que o seu ámbito de aplicación son as operacións comerciais entre empresas e a Administración, de conformidade co disposto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP, en adiante)

SEGUNDO. Ámbito obxectivo

O ámbito obxectivo da lei constitúenno as operacións comerciais, e concretamente:

a) operacións con cargo ao capítulo 2 do presuposto de gastos “Gastos correntes en bens e servizos”:

- 20 Arrendamentos e cánones
- 21 Reparacións, mantemento e conservación
- 22 Material, suministros e outros
- 220 Material de oficina
- 221 Suministros
- 222 Comunicacións
- 223 Transportes
- 224 Primas de seguros
- 226 Gastos diversos
- 227 Traballos realizados por outras empresas e profesionais
- 24 Gastos de publicacións
- 25 Concertos de asistencia sanitaria
- 27 Compras, suministros e outros gastos relacionados coa actividade
- 29 Obrigas de exercizos anteriores pendentes de imputar

b). Operacións con cargo ao capítulo 6 “Inversións reais”:

Contrato de obras
Contrato de suministro
Contrato de consultoría e asistencia técnica
Contrato de xestión de servizos públicos
Contrato de servizos
Contrato de concesión de obras públicas
Outros

Quedan fora do ámbito deste informe as operacións que non estean baseadas nunha relación comercial, tales como as de carácter estatutario ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria; os gastos de transferencias correntes ou de capital; os gastos de natureza financeira e os pagos pendentes de aplicación de obrigas non presupostarias

TERCERO. Prazos legais de pagamento

O artigo 4.1 da LLMC, modificado pola Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica, estipula que o prazo de pago, se non se houbera fixado data no contrato, será de trinta días naturais dende a recepción das mercadorías ou da prestación dos servizos. No apartado 2º do artigo 4 indícase que si se dispuxera dun procedemento de aceptación ou de comprobación mediante o que deba verificarse a conformidade dos bens ou dos servizos co disposto no contrato, a súa duración non excederá de trinta días naturais a contar dende a data de recepción dos bens e servizos. Neste caso, o prazo de pago será de trinta días despois da data de aceptación ou verificación dos bens ou servizos, aínda que a factura se recibira con anterioridade a data de aceptación.

Pola súa banda, o artigo 216.4 do TRLCSP dí que:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación, siempre que no sea manifiestamente abusivo para el acreedor en el sentido del artículo 9 de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.”

CARTO. Consecuencias do incumprimento dos prazos legais de pago

a) Intereses por mora

En caso de que a administración incurra en mora, e incumpra los prazos indicados no apartado anterior, deberá abonar ao contratista, a partires do incumprimento, os intereses de demora nos termos previstos no artigo 7 da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, sen necesidade de intimación previa por parte do acreedor, segundo redacción dada polo artigo 33.Tres do RDLei 4/2013 de 22 de febreiro

Mediante resolución de xuño 2015, da Secretaría do Tesouro e Política Financeira, publícase o tipo de interés de demora a aplicar durante o segundo semestre do 2015, será o 8,05 %.

b) Indemnización por costes de cobro

O acredor terá dereito a cobrar unha cantidade fixa de 40 euros, que se engadirá en todo caso ao principal, sen necesidade de petición expresa.

O acredor poderá reclamar tamen unha indemnización por todos os costes de cobro debidamente acreditados nos que incurrira a causa da mora deste e que superen a cantidade indicada no parágrafo anterior.

Quinto. Plan de axuste

Examinado o Plan de Axuste aprobado ao abeiro do RDLei 4/2012, non existe nengunha mención expresa á morosidade das operacións comerciais.

QUINTO. SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA E DÉBEDA COMERCIAL

Mediante a L.O. 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, o principio de sostenibilidade financeira que recollía orixinariamente a L.O. 2/2012, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, ampliase de xeito que agora tamén se inclúe a débeda comercial e se establece a obriga de facer público o período medio de pago a provedores e de dispoñer dun plan de tesourería que incluíra, a lo menos, previsións de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que establece a normativa de morosidade (art. 6.13 da L.O. 2/2012).

A Disposición Adicional primeira da LO 9/2013 estipula que transcurrido un mes dende a entrada en vigor da lei (22/12/2013) todas as AA.PP. publicarán na súa web o período medio de pago a provedores; asimismo, no seu plan de tesourería posterior a dita publicación incluírán as medidas de redución do PMPP para cumprir co prazo máximo da normativa sobre morosidade. Non obstante o anterior, a metodoloxía de cálculo desenrólase mediante R.D. 635/2014, de 25 de xullo (BOE 30/07/2014)

O período medio de pago a provedores do terceiro trimestre de 2015 foi de 60,00 días

IV. CONSIDERACIONES TÉCNICAS

I. No presente informe recóllense os incumprimentos do prazo de pago das Obrigas Pendentes de Pago a que fai referencia o artigo 4.3 da Lei 3/2004, en consonancia co artigo 216.4 do TRLCSP, así coma as facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales transcurriran máis de tres meses dende a súa anotación no Rexistro e continuaran sen o recoñecemento da obriga (art. 5.4)

II. Para la realización del presente informe se ha partido de la información disponible en el Sistema de Información Contable do aplicativo SICALWIN do Concello de Rianxo

Para poder proporcionar una información rigurosa de los períodos de pago así como das operacións nas que se están incumprindo os períodos legais de pago compre dispor no Sistema de Información Contable as datas en que se inicia o cómputo do período legal de pago, así como do pago efectivo.

En canto ao dies a quo, a aplicación, por defecto, considera a data de rexistro da factura no rexistro de intervención (que coincide coa data de rexistro xeral de entrada); e o vencimento do período legal de pagamento compútao 30 días despois da aprobación, sempre e cando ésta se produza nos 30 días seguintes ao seu rexistro. De non producirse o recoñecemento da obriga nos 30 días citados, toma como vencimento do prazo legal de pago o día 60, dende a data de rexistro.

III. O período medio de pago da lei de Morosidade calcúlao o aplicativo SICALWIN dacordo coas fórmulas incorporadas na Guía para a elaboración dos informes trimestrais que as EE.LL. han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda que define as diferentes variables empregadas no cálculo.

IV. O informe trimestral contempla a seguinte información:

a) Pagos realizados no trimestre

PAGOS REALIZADOS NO TERCEIRO TRIMESTRE DO 2015	PMP	DENTRO PERIODO LEGAL		FORA PERIODO LEGAL	
		Nº PAGOS	IMPORTE	Nº PAGOS	IMPORTE
Gastos en Bienes Corrientes y servicios	136,48	263	180.962,97	680	435.496,14
20.- Arrendamientos y Canones	40,23	12	70.952,43	5	2.787,31
21.- Reparación, Mantenimiento y Conservación	224,16	30	7.918,07	105	49.934,82
22.- Material, Suministro y Otros	140,66	221	102.092,47	570	382.774,01
23.- Indemnización por razón del servicio					
24.- Gasto de Publicaciones					

26.- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro					
Pendientes aplicar a presuposto					
Inversións reais	53,24	13	146.947,26	4	2.771,04
Otros pagos pdtes por operacións comerciais aplicados ao presuposto					
TOTAL operacións pendentes de pago a final do trimestre	120,21	276	327910,23	684	438.267,18

b) Intereses de demora pagados no trimestre

INTERESES DEMORA PAGADOS NO TERCEIRO TRIMESTRE 2015	INTERESES DE DEMORA PAGADOS	
	Nº PAGOS	IMPORTE TOTAL INTERESES
Gastos en Bienes Corrientes y servicios	0	0
Inversións reais	0	0
Otros pagos realizados por operacións comerciais	0	0
Pagos realizados pendentes de aplicar al presuposto	0	0
TOTAL	0	0

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre

FRAS PENDENTES DE PAGO AO REMATE DO CARTO TRIMESTRE DO 2014	PMP	DENTRO PERIODO LEGAL		FORA PERIODO LEGAL	
		Nº PAGOS	IMPORTE	Nº PAGOS	IMPORTE
Gastos en bens correntes e servizos	102,80	483	335.153,64	410	260.477,44
20.- Arrendamentos e cánones	24,20	13	47.156,67	8	1.693,15
21.- Reparación, Mantemento e Conservación	121,00	78	30.540,08	73	37700,67
22.- Material, Suministro e Outros	108,23	392	257.456,89	329	221.083,62
23.- Indemnización por razón do servizo					
24.- Gasto de publicacións					
26.- Traballos realizados por institucións sen f. de lucro					
Investimentos reais	46,56	14	234.484,08	22	43.625,55
Otros pagos realizados por operacións comerciais					
Pendientes aplicar ao presuposto	104,33	7	6.410,05	13	6.086,48
TOTAL operacións pendentes de pago ao final do trimestre	85,18	504	576.047,77	445	310.189,47

d) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos que, ao final do trimestre natural, transcurriran mais de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaran os expedientes de recoñecemento da obriga

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, deixa sen efecto o artigo 5 de Lei 15/2010 (véase Disposición Derrogatoria)

Agora a Lei 25/2013 prevé no artigo 10 que os órganos que teñan atribuída a función de contabilidade nas AAPP elaborarán un informe trimestral coa relación de facturas respecto as cales transcurriran mais de tres meses dende que foran anotadas no rexistro e respecto das que non se recoñecera a obriga. Este informe será remitido dentro dos quince días seguintes a cada trimestre natural ao órgano de control interno. Pola súa banda, o art. 12 do mesmo texto legal dispón que “anualmente o órgano de control interno elaborará un informe no que evaluará o cumprimento da normativa en materia de morosidade. No caso das EELL, este informe elevarase ao Pleno”

V. REMISION DOS INFORMES TRIMESTRAIS POLAS ENTIDADES LOCAIS

As entidades locais deberán grabar a información descrita nos apartados anteriores, a través da aplicación da Oficina Virtual para Coordinación Financeira coas Entidades Locais, accesible no Portal do Ministerio de Hacienda y AA.PP., e proceder á súa tramitación telemática con firma electrónica.

Sen perxuízo da súa presentación e debate no Pleno da Corporación, o presente informe deberá remitirse, ademais, ao órgano que teña atribuída a tutela das Entidades locais (Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Xunta de Galicia), así como ao Consello de Contas>>

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 10/2015.

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

<<Vista a seguinte relación de facturas, que ascende a 2.306,35 €, e que quedou pendente porque son facturas de exercicios anteriores ao 2015 e con rexistro de entrada no concello no exercicio actual, corresponde iniciar a súa tramitación mediante recoñecemento extraxudicial.

RELACIÓN DE FACTURAS F/2015/64

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Doc	Fecha Dto.	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Progr	Econ	Importe Total
F/2015/1606	01/07/15	27100719	25/06/15	G28029643	S.X.Autores e Editores	0003358974 PLAZA DE CASTELAO DE CASTELAO , RIANXO (SANTA COLUMBA) 15920 VARIEDADES PABLO DIAZ 26/07/2014 26/07/2014 MODA	334	22699	70,30 €
F/2015/1607	01/07/15	27100716	25/06/15	G28029643	S.X.Autores e Editores	0003359445 VIA PUBLICA RIANXO CALLES DE LA CIUDAD , RIANXO (SANTA COLUMBA) 15920 VARIEDADES THE SIBERETS 10/09/2012 10/0	334	22699	136,25 €
F/2015/2304	06/08/15	V/7441	31/08/13	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA O COLEXIO BREA SEGADE E UNITARIAS	323	22114	12,91 €
F/2015/2958	28/10/15	14-0034	12/04/14	326679275	PABLO ZAERA SILVAR	MATERIAL BIBLIOGRAFICO PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL	3321	62902	136,89 €
F/2015/2978	10/11/15	03/2014	02/06/14	G70393533	ASOCIACIÓN TEATRO AIRINOS	6 FUNCIONS DO TEATRO EXPRES "TAXI"	334	22609	900,00 €
F/2015/2979	10/11/15	02/2014	28/05/14	G70393533	ASOCIACIÓN TEATRO AIRINOS	6 FUNCIONS DO TEATRO EXPRES "MULLERES QUE ROMPEN MOLDES" E PEGADA DE CARTACES E DIFUSION	334	22609	1.050,00 €
								IMPORTE TOTAL:	2.306,35 €

O 17/09/2015 a Intervención Municipal emitiu informe desfavorable IR 65/2015 coas seguintes conclusións:

"4. CONCLUSIONES

- Facturas con informe favorable:
 Facturas con informe favorable e observacións:
 Facturas con reparo suspensivo: **Todas**

1. Pola omisión do requisito de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da realización do gasto e por tratarse dunha subvención en especie para a que non se seguiu o procedemento previsto na normativa de subvencións.

2. As facturas que se indican a continuación son gastos de tracto sucesivo que xa foron obxecto de fiscalización desfavorable nos expedientes indicados e que se realizou de modo extensivo ás facturas seguintes en tanto non se modificasen as circunstancias que os motivaron, como é o caso, polo que non se precisa da emisión dun novo reparo:

Terceiro	Descrición	ADO	Decreto de levantamento de reparo
E. Varela e Hijos, SL	Mantemento de instalacións eléctricas e alumeadado público	56	DA 680, do 09/12/2014

- Facturas sen reparo suspensivo:

O órgano competente para a resolución do reparo, no seu caso, é, de acordo co artigo 217 TRLFL:

- O alcalde
 O Pleno"

Tendo en conta a doutrina xurisprudencial do enriquecemento inxusto, aplicable a estes supostos, xa que se trata de prestación realizadas de conformidade co concello, procede tramitar a aprobación e pagamento das facturas correspondentes, para evitar maior demora no seu abono.

A competencia para a aprobación deste expediente correspóndelle ao Pleno, de acordo coa base de execución 14ª.c) do orzamento

Esta Alcaldía PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DESTE ACORDO:

Primeiro: Resolución e levantamento do reparo suspensivo feito pola Intervención deste Concello e continuar coa tramitación do expediente de aprobación do gasto, da súa disposición e do recoñecemento de obrigas correspondentes aos gastos relacionados:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Doc	Fecha Dto.	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Progr	Econ	Importe Total
F/2015/1606	01/07/15	27100719	25/06/15	G28029643	S.X. Autores e Editores	0003358974 PLAZA DE CASTELAO DE CASTELAO , RIANXO (SANTA COLUMBA) 15920 VARIEDADES PABLO DIAZ 26/07/2014 26/07/2014 MODA	334	22699	70,30 €
F/2015/1607	01/07/15	27100716	25/06/15	G28029643	S.X. Autores e Editores	0003359445 VIA PUBLICA RIANXO CALLES DE LA CIUDAD , RIANXO (SANTA COLUMBA) 15920 VARIEDADES THE SIBERETS 10/09/2012 10/0	334	22699	136,25 €
F/2015/2304	06/08/15	V/7441	31/08/13	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	MATERIAIS PARA O COLEXIO BREA SEGADE E UNITARIAS	323	22114	12,91 €
F/2015/2958	28/10/15	14-0034	12/04/14	326679275	PABLO ZAERA SILVAR	MATERIAL BIBLIOGRAFICO PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL	3321	62902	136,89 €
F/2015/2978	10/11/15	03/2014	02/06/14	G70393533	ASOCIACION TEATRO AIRIÑOS	6 FUNCIONS DO TEATRO EXPRES "TAXI"	334	22609	900,00 €
F/2015/2979	10/11/15	02/2014	28/05/14	G70393533	ASOCIACION TEATRO AIRIÑOS	6 FUNCIONS DO TEATRO EXPRES "MULLERES QUE ROMPEN MOLDES" E PEGADA DE CARTACES E DIFUSION	334	22609	1.050,00 €
								IMPORTE TOTAL:	2.306,35 €

Segundo: Aprobar o gasto, a súa disposición e o recoñecemento de obrigas dos gastos anteriores mediante recoñecemento extraxudicial 10/2015, con imputación ás aplicacións orzamentarias indicadas na táboa do punto primeiro>>

O alcalde pasa a palabra ao concelleiro de Economía e Facenda, Tobías Betanzos Rego, que da conta do recoñecemento extraxudicial e dí que é un recoñecemento extraxudicial de crédito que corresponde a facturas de anualidades anteriores e que corresponde ao pleno recoñecer e aprobar. O total do importe a recoñecer é de 2.3006,00 € e correspondense a 6 ou 7 facturas que foron presentadas neste ano pero que son do ano 2014 e 2013. Indica que estas facturas tiveron entradas no concello recentemente, no mes de xullo, agosto e incluso no mes de novembro. Sinala que o Pleno ten que levantar o reparo dos servizos de Intervención que pon habitualmente de ter realizado o gasto e non ter nese momento consignado o crédito. Agora mesmo hai crédito polo que habería que proceder ao recoñecemento e levantar o reparo. Estan informadas favorablemente pola Comisión de Facenda, polo que se pide a aprobación do referido recoñecemento.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 23/11/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que se absteñen para que sirva de toque atención, a pesar de ser unha pequena cantidade, xa que xa o tiñan anunciado en plenos anteriores, e sobre todo para que de cara á confección dos orzamentos do vindeiro ano, se faga un esforzo para axustar máis as partidas.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, di que como xa dixeron noutras ocasións, as facturas hai que pagalas, pero tamén hai que intentar evitar facer tantos recoñecementos extraxudiciais, e isto evítase axustando as partidas á realización do gasto. Indica o voto a favor do seu grupo.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que este é o décimo recoñecemento extraxudicial que se trae neste mandato. O seu grupo non ten nada en contra de que a xente cobre polos servizos que ten prestado no Concello, pero esta situación denota un certo descontrol por ser tantos recoñecementos. Señala que pode ser que estas facturas chegaran tarde, pero entenden que non existía crédito e algúns son gastos recorrentes e podían evitarse. Dí que non é normal que unha factura do ano pasado se presente a estas alturas do ano, cando xa se presentaron outros recoñecementos antes. Por iste motivo e sabedores de que o grupo de goberno vai a aprobar este recoñecemento, e a pesar de non querer perxudicar a ninguén, o seu grupo váise a abster, para que na medida do posible se corrixan estas eibas e se evite traer con tanta reiteracións os recoñecementos.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, di que o seu grupo vai aprobar a proposta e que se intentará axustar máis os orzamentos, pero as veces xurden cousas que son interesantes para os veciños, e o satisfacer as demandas, que tamén son necesarias, implica as veces algúns desaxustes. En canto ao alumeado, estase pendente de rematar o proxecto e iso supón que sexan facturas reiterativas. Señala que non se pode dicir aos provedores cando teñen que traer as facturas.

O alcalde di que nalgún caso tamen se debe a un erro por parte do provedor. Indica que o recoñecemento extraxudicial é unha ferramenta máis que teñen os concellos e que non teñen nada que ocultar. Algunha das facturas tamén corresponde á gastos que piden os propios concelleiros, coma no caso do arranxo da escola infantil, que incluso se lle recriminou a tardanza nos arreglos. Agora nembargantes non ven ben o recoñecementos para aprobar a factura. Engada que facer previsións e ter unha bolsa de cartos cando hai unha regra de gasto que dalgunha maneira coarta a liberdade dos concellos tendo presupostos e tendo orzamento de poder facer fronte a determinados gastos. Di que xa o teñen falado e que todos os concellos usan os recoñecementos extraxudiciais. Engade que cando se acabe de pagar, poderanse axustar máis as partidas e dotalas do crédito suficiente para evitar estas situacións. Señala que incluso nese caso, sempre poden aparecer situacións deste tipo, ven por subvencións que teña que achegar o concello que non estean reflectivas. Dí que o recoñecemento extraxudicial é unha simple ferramenta administrativa. O que se intenta e cumprir o que veñen reclamando de que as facturas se paguen no menor prazo posible e unha das maneiras de reducir este pago a provedores é recoñecendo extraxudicialmente e proceder ao pago, xa que o diñeiro existe. Dí que entra dentro da normalidade o que se produzan estas situacións.

Solicita a palabra o voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro** de Rianxo en Común. Polo Alcalde indicase que é él quen cerra o turno de intervencións, pero que pode intervir.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro** di que se falou de obstaculizar. Indica que o seu grupo non apoia que non é o mesmo que obstaculizar. Só

están manifestando que non son partidarios de tantos recoñecementos. Que eles non obstaculizan, que a xente vai cobrar.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE), cero votos en contra e seis abstencións (dos 4 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO AUMENTO DO LÍMITE MÁXIMO PREVISTO PARA AS GRATIFICACIÓNS DOS FUNCIONARIOS MUNICIPAIS.

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

<< O saldo de crédito dispoñible para o recoñecemento de gratificacións aos funcionarios municipais ascende a 1.921,28 € (clasificación económica 15100), de acordo co estado de execución do orzamento:

Pro.	Eco.	Créditos Totales consignados	de Créditos disponibles
130	15100	6.664,75	-2.893,97
163	15100	1.120,00	0,00
9201	15100	4.815,25	4.815,25
9203	15100	0,00	0,00
		12.600,00	1.921,28

Tendo en conta que as gratificacións correspondentes a traballos extraordinarios durante as festas da Guadalupe, non incluídas na nómina por exceder do dito crédito, ascenden a 8.964,32 €, é preciso realizar as modificacións oportunas para garantir a súa inclusión. Así mesmo, solicitóuselle ao Departamento da Policía Local unha previsión dos servizos extraordinarios e de xuízos, retribuídos como gratificacións, pendentes de recoñecemento ata final de ano, que detallaron nun informe do 16/11/2015.

Tras unha estimación do importe máximo ao que ascendería a remuneración dos ditos traballos, resulta que un importe calculado en exceso, aplicando o principio de prudencia, sería de 1.515,52 €.

Así, o importe que se estima necesario para o recoñecemento de obrigas en concepto de gratificacións dos funcionarios municipais ascende a 10.479,84 €, o que supón unha contía de 8.558,56 € adicionais ao saldo de crédito dispoñible no conxunto das aplicacións orzamentarias correspondentes (xxx.15100).

Tendo en conta que o total de gratificacións para funcionarios previsto inicialmente no orzamento ascende a 12.600 € e que precisaríase adicionalmente unha contía de 8.558,56 €, o novo importe máximo proposto é de 21.200 €.

De acordo co art. 6.1 RD 861/1986, do 25 de abril, correspóndelle ao Pleno da Corporación determinar no orzamento a contía global destinada á asignación das gratificacións aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no art. 7.2.c) do dito RD, a ampliación do límite máximo debe autorizarse polo Pleno.

A Intervención emite o 20/11/2015 un informe de fiscalización favorable con observacións ao expediente coas seguintes conclusións:

“4. CONCLUSIONES

Á vista do expediente emítese o seguinte informe:

Favorable

Favorable con observacións. **O importe proposto de 21.200 € excede do límite previsto no art. 7.2.c) RD 861/1986, pero hai que indicar que cos servizos extraordinarios xa realizados excédese**

do dito máximo. Enténdese que o feito de non aboárselles aos traballadores afectados, estaríamos ante un enriquecemento inxusto da Administración.

Favorable condicionado ao cumprimento duns extremos

Informe de reparo suspensivo

Informe de reparo sen carácter suspensivo”

Dado que os servizos prestados fóra da xornada obedecen a situacións prioritarias e que trátanse de reforzos imprescindibles que, de non realizarse, supoñerían unha merma nas condicións de seguridade dos diferentes actos/eventos municipais ou situacións de emerxencia. Por outra parte, as gratificacións derivadas da asistencia a xuízos están condicionadas a decisións xudiciais nas que o concello non ten poder de decisión.

Visto o exposto, **PROPOÑO AO PLENO:**

Primeiro: Ampliar o importe global destinado ás gratificacións dos funcionarios municipais, de modo que quede fixado nun importe de 21.200 €.

Segundo: Darlle traslado deste acordo á Intervención Municipal para que tramite as modificacións orzamentarias que incrementen as aplicacións do orzamento relativas ás gratificacións dos funcionarios municipais.

Terceiro: Darlle traslado ao Departamento de Emprego para que retome a tramitación dos expedientes de gratificacións de funcionarios que quedaron pendentes de crédito orzamentario para incluílos na seguinte nómina. .->

O alcalde pasa a palabra ao concelleiro de Economía e Facenda, Tobías Betanzos Rego que dí que no que se refire aos orzamentos dos 2015, hay un crédito para satisfacer as gratificacións dos funcionarios por traballos extraordinarios de 12.600,00 € e que agora mesmo quedan dispoñibles 1.921,28€ e non obstante teñen pendente de pago os traballos extraordinarios que se fixeron con motivo das festas de Guadalupe 8.964,00 € e as asistencias da policía local a xuízos, funcionarios requeridos a estes actos xudiciais por importe de 1.500,00 € o total que deben satisfacer por todos estes traballos é de 10. e o creto que queda é de 1.800. Indica que hai que aumentar o crédito no importe que se especifica na proposta que é de 8.500. Dí que o motivo de que haxa que incrementar a partida e de que a previsión de gastos se incremento, é por unha parte a entrada en vigor do convenio colectivo, a que fai que o cómputo e o valor das horas extras se computen doutro xeito máis favorable aos traballadores e traballadoras. Tamén hai que ter en conta a acumulación de baixas, que fai que as horas extraordinarias teñan que acumularse por falta de persoal e o pase dun funcionario do servizo activo á segunda actividade, o que implica que non pode asumir diversas funcións.

Engade que os traballos que se podían cubrir cun importe arredor dos 12.000 €, exceda ata a cantidade de 20.000 € e correspóndelle ao pleno autorizar este incremento de crédito para satisfacer as obrigas que o concello ten con este persoal. Dí que a proposta da alcaldía conta cos informes favorables da intervención municipal, ca observación de que se supera o límite previsto neste concepto nun 16%, pero existe a obriga co persoal de satisfacer os traballos realizados. Indican que a situación na que estamos corresponde a unha preocupación do goberno de manter os servizos que realiza a policía local de seguridade, tráfico, etc. Indica que conta co informe favorable da Comisión de Facenda. Solicítase ao Pleno que aprrobe este incremento.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA E FACENDA, do día 23/11/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, dí que o seu grupo vai apoiar a proposta. Indica que se pasa dunha partida de 12.000 € ata unha de 20.000 € arredor do 68% de incremento. Vése que é unha partida moi desaxustada. Dí que lles gustaría ter desglosado os gastos desta partida ao igual que outro tipo de gasto, xa que sería factible o poder facelo aumentaría transparencia.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, dí que o seu grupo vai apoiar a moción, xa que se hai crédito débense abonar os traballos extraordinarios xa realizados.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que o seu grupo váise abster pero que eso non significa que non estean de acordo en que os traballadores cobren o que se lle debe. Dí que non van a cuestionar a organización en sí que leva a que se fagan estes traballos xa que poden ser razóns imprevistas, pero que se prantexan serías dúbidas en canto á legalidade deste acordo. Xurden a pesar do informe que formula a interventora, ca que non vai a entrar en discusión. Non se trata de que o Pleno autorice unha modificación orzamentaria porque existira unha previsión inadecuada, senón que se está consignando a través desta modificación unha cantidade que excede dun máximo que está fixado nunha norma. Este grupo entende que se neste momento se aprobara o orzamento con esta consignación, tería que advertirse no informe de intervención que se supera ese límite. Indica que pensan que neste caso teñen claro que no propio informe de intervención, senón como reparo pero sí como unha observación que se fai constar que non se está cumprindo a normativa aplicable, teñen dúbidas e neste sentido incluso na responsabilidade na que poideran incorrer votando a favor deste acordo, engade que se van abster.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, di que o seu grupo vai votar a favor, que a exposición do concelleiro de Facenda deixa claro que son servizos prestados e que se tratou de que non houbera funcionarios en activo para cubrir tódalas necesidades e que está xustificado. Indica que no propio informe de intervención está meramente claro e hai que pagar estes servicios aos traballadores.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que hai determinadas resolucións que dalgunha maneira explican tal como pide o voceiro de Rianxo en Común a quen se lle abona o o motivo. Formaba parte da documentación deste punto, pero que non se manda por correo e posiblemente non o viron, xa que figuraban varias resolucións e explican a que funcionarios corresponden os traballos realizados, tales como festa da Guadalupe, e os reforzos nas festas de San Cristobo, festa da Virxe do Carme, festas de Taragoña, a festa da Xouba e outras que houbo durante o verán en Rianxo.

Indica que sí se prevén estes gastos pero que as veces aparecen baixas e outras circunstancias que fan que os días que teñen asignados non poidan asistir e entón ten que ser cuberto o servizo con persoal que está libre o que acaba de saír da súa xornada. Dí que está todo desglosado no expediente. As cantidades destinadas a persoal levan anos sendo moi poucas xa que o goberno actual se encargou delo. É unha partida intocable e concreta aindatendo capacidade o concello de aumentar o persoal ou remunerando as horas extraordinarias como está previsto tamén na Lei. Engade que no momento en que cesen esas limitacións e as partidas deixen de estar afectadas por esas limitacións e sexan máis acordos co que o concello poida pagar en funcións dos seus igresos, as plantillas deberían dimensionarse o suficiente para evitar estas horas extraordinarias. Sinala que ao longo destes 4 anos a partida case sempre foi suficiente, xa que nalgún momento a limpeza nas festas de Guadalupe foi feita por unha empresa e eso non estaba limitado, sen embargo o que fagan esas tarefas polos traballadores do concello vai en contra do aumento da masa salarial, a pesar de que saia máis caro facelo con empresas.

Indica que tan pronto cese esta limitación, tratarase de cubrir as prazas non só de Policías, senón incluso en obras, para evitar estas situacións e dotar as partidas das cantidades necesarias. Espera que no vindeiro ano xa non se dea esta situación.

Di que tamén había a posibilidade de deixar sen cubrir polos efectivos da policía local os servizos feitos, pero que como xefe da policía local e tendo en conta a seguridade non está disposto a prescindir dos servizos, anque se supere o cómputo anual para as horas.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 de Rianxo en Común), cero votos en contra e catro abstencións (dos 4 membros do grupo PP) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

6.- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO DE REVISIÓN DE OFICIO DAS “BASES DUN CONVENIO PARA A REPOSICIÓN DO EQUILIBRIO ECONÓMICO DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE RIANXO” E RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DO EQUILIBRIO ECONÓMICO.

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez da conta da proposta de Alcaldía, que consta no expediente, que se transcribe a continuación:

<<1. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

- O 17/04/2015 o alcalde dita unha providencia para a revisión de oficio das *Bases dun convenio para a reposición do equilibrio económico da concesión do servizo de auga e saneamento do Concello de Rianxo*, asinado o 09/05/2011 con Aquagest, Promoción Técnica e Financeira de Abastecementos de Auga, SA (hoxe Viaqua)
- O 23/04/2015 a Secretaría e Intervención Municipais emiten un informe conxunto do inicio do expediente concluíndo en que “(...) *informan favorablemente a revisión de oficio do acto administrativo Bases dun convenio para a reposición do equilibrio económico... ao estimar que, de acordo co informe de Intervención do 14/10/2011, prescindiuse total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, estando ausentes trámites preceptivos de tal calibre que impiden aseverar a corrección daquel. Polo exposto, polo principio de legalidade, e ante a ausencia dun estudo económico sobre a globalidade da concesión administrativa con ingresos e custos, e de informes preceptivos de secretaría e fiscalización da intervención, a falta de ditame da comisión informativa correspondente antes da sinatura do documento, e a súa non formalización ante fedatario público (secretario ou notario).*”
- Proposta ao pleno corporativo formulada pola Alcaldía
- Ditame da Comisión informativa de Obras, Servizos, Protección civil e medioambiente do 27/04/2015 favorable.
- Certificado do acordo adoptado por unanimidade dos concelleiros en sesión plenaria do 30/04/2015 de incoación do expediente de revisión de oficio.
- O 13/05/2015 remítese comunicación do acordo adoptado á concesionaria VIAQUA para que formule alegacións no prazo de 15 días hábiles. A recepción por esta tivo lugar o 18/05/2015.
- O 22/05/2015 recíbese solicitude da concesionaria cara a poder ter vista do expediente e copia dunha serie de documentos que relacionan e, entre outros, piden a suspensión do prazo de 15 días en canto non teña lugar a vista e entrega desas copias.

- O 29/05/2015 comunícase a VIAQUA que ten o expediente a súa disposición, podendo solicitar copias e sen prexuízo de resolver sobre a suspensión do prazo para alegacións. Consta xustificante de recepción do 03/06/2015.
- O 08/06/2015 comparece un representante de Viaqua para a vista do expediente.
- O 09/06/2015 dítese a Resolución nº 309/2015 polo que se amplía o prazo de alegacións en 8 días a maiores. Notifícase á concesionaria con RXS do 10/06/2015
- O 11/06/2015 remítese copia á concesionaria do solicitado.
- O 19/06/2015 a concesionaria presenta as alegacións (RXE nº 5588)

2. INFORME DE SECRETARÍA E INTERVENCIÓN

__O 08/07/2015 emítese informe pola Secretaria e Intervención municipais cuxo teor literal se transcribe:

<<3. INFORME:

En primeiro lugar, indicar que as alegacións achéganse pola concesionaria en forma e dentro do prazo habilitado para ilo trala ampliación adoptada pola Resolución de alcaldía nº 309/2015.

ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS

1. AUSENCIA TOTAL E ABSOLUTA DO PROCEDIMENTO LEGALMENTE ESTABLECIDO OU DAS NORMAS QUE CONTEÑEN AS REGRAS ESENCIAIS PARA A FORMACIÓN DA VONTADE DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

1.1) Insuficiencia dos estudos técnicos que serviron de base para determinar o desequilibrio económico, por non presentar un análise integral da concesión na súa vertente positiva e negativa

1.1.1) A insuficiencia do informe técnico-económico como motivo de nulidade de pleno dereito do procedemento administrativo

Xurisprudencia do Tribunal Supremo sobre a nulidade de pleno dereito

A nulidade de pleno dereito dun acto administrativo ven producida pola existencia neste dunha ou máis infraccións do ordenamento xurídico que revisten especial gravidade. Debido á excepcionalidade desta situación, a nulidade de pleno dereito só concorrerá cando se dea unha ou máis das infraccións previstas taxativamente por lei. Unha destas infraccións é a *ausencia total e absoluta do procedemento legalmente establecido*.

A interpretación xurisprudencial deste suposto establece que non calquera omisión no procedemento dea lugar a un suposto de nulidade; así, o precepto reza *omisión total e absoluta do procedemento*, literalidade que foi matizada pola doutrina do Tribunal Supremo:

STS 17/10/2000: É necesario que a infracción cometida polo acto administrativo impugnado deba ser *“clara, manifesta e ostensible”*, enténdendose por tales, aqueles casos de ausencia total do trámite ou de seguir un procedemento distinto

STS 20/07/2005: *“Debe lembrarse que a nulidade prevista nese artigo 62.1.e) non a provoca calquera irregularidade procedimental senón só aquelas dunha gravidade extrema, constituídas pola ausencia absoluta e total do procedemento, por seguir un procedemento totalmente diferente ou por omitir os seus principais trámites.”*

STS 17/09/1998: *“A mera anulabilidade por defectos formais só se produce cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para acadar o seu fin ou dean lugar á indefensión dos interesados, entendida ésta como o quebrantamento real do dereito de defensa que ten o administrado ao modo que establece o artigo 24 da Constitución”*

O informe técnico-económico dentro do procedemento administrativo

O trámite sobre o que se focaliza o motivo da nulidade neste apartado é o estudo técnico elaborado polo enxeñeiro Gilberto Rodríguez Rodríguez. Para analizar se estamos ante un motivo de nulidade de pleno dereito ou de anulabilidade, relacionaremos os trámites que conforman o expediente de determinación do restablecemento do equilibrio económico, e que poden agruparse nos seguintes:

Reclamacións da empresa concesionaria.

Informe de Intervención do 30/07/2010 *“sobre os escritos presentados por AQUAGEST, PROMOCIÓN TÉCNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, SA”* no que solicita un informe de experto técnico en concesións *referentes a abastecemento de auga e saneamento para que, previa observación das actuais instalacións e tendo en conta as previsións futuras e a oferta económica do concesionario poña de manifesto de forma xustificada: - O custo de cada un dos servizos; - Os ingresos que corresponden a cada servizo; - A existencia ou non, cos datos recabados de desequilibrios económicos na concesión indicando expresamente, de existir desequilibrio económico, que parte é imputable a cambios substanciais na prestación dos servizos, debidos á imposición unilateral da Administración que a fagan máis gravosa”*

Informe pericial emitido polo enxeñeiro Gilberto Rodríguez Rodríguez e presentado no concello o 23/12/2010 no que determina o importe anual ao que ascende o desequilibrio económico producido polas novas instalacións da EDAR de Rianxo Decreto núm. 466/2011, do 12/04/2011, de incoación de expediente de modificación do contrato Informe do asesor xurídico do Concello de Rianxo, José Manuel Roibás Vázquez, do 04/05/2011

Bases do convenio para a reposición do equilibrio económico da concesión, que constitúe a terminación convencional do procedemento administrativo

O devandito informe pericial é o **trámite fundamental** dentro do procedemento que finalizou coas Bases do convenio, polos seguintes motivos:

É o único documento do procedemento que cuantifica o importe dos custos adicionais da EDAR de Rianxo, que resultaron nun importe de 188.105 €/ano.

A partir da emisión dese documento iníciase o procedemento de modificación contractual mediante o Decreto da Alcaldía 466/2011, do 12/04/2011, de incoación de expediente de modificación de contrato de concesión administrativa dos servizos municipais de abastecemento de auga potable a domicilio e saneamento

Sobre este informe pericial non consta ningún informe posterior que analice se os criterios utilizados adoecen dalgunha limitación ou irregularidade. Unicamente consta un requirimento do interventor acumulado do 26/04/2011 no que solicítalle ao redactor do informe técnico-económico se o desequilibrio de 188.102 €/ano son gastos adicionais ou totais da explotación da EDAR de Rianxo. No caso de atoparse no último suposto, requíreselle para que os desagregue indicando o montante dos custos adicionais. Tras a resposta do técnico, realizada ese mesmo día e na que indica que son gastos adicionais, non se emite ningún informe de fiscalización nin dilixencia de fiscalización favorable.

O artigo 4 RD 1174/1987 establece que a función de control e fiscalización interna comprende, entre outros: *"a) A fiscalización, nos termos previstos na lexislación, de todo acto, documento ou expediente que dea lugar ao recoñecemento de dereitos e obrigas de contido económico ou que poidan ter repercusión financeira ou patrimonial, emitindo o correspondente informe ou formulando, no seu caso, os reparos procedentes"*.

Considero necesario citar este precepto que determina, con carácter xeral para calquera procedemento administrativo que reúna os requisitos citados, cando debe producirse a función da fiscalización nesa fase do expediente. Está claro que os aspectos técnicos do informe pericial non poden ser obxecto de fiscalización nin de comprobación, xa que para elo esixense unha formación específica que nin o/a titular da Intervención nin da Secretaría teñen. Non obstante, como xa se indicou anteriormente, o informe da interventora emitido o 30/07/2010 esixía un contido nese estudo que sería necesario analizar unha vez emitido. Trámite que non se realizou.

Por outra parte, en relación ao informe do asesor xurídico hai que indicar que non analiza o contido do informe pericial, senón que o toma como válido e conclúe, tras transcribir a cláusula 43 PCAP, a normativa de contratación sobre os contratos de xestións de servizos públicos e do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que alétranse os termos iniciais do contrato e, polo tanto, corresponde o restablecemento do equilibrio da concesión no importe determinado no informe técnico-económico.

Conclusión

O informe pericial de carácter técnico-económico é o trámite sobre o que se sustenta a totalidade do procedemento administrativo que culmina nas Bases do Convenio. Conclúe na existencia dun desequilibrio económico cuantificado en 188.102 € anuais e non foi obxecto de fiscalización posterior, con carácter previo á sinatura das Bases do convenio, co fin de verificar se cumpría as condicións establecidas pola Intervención Municipal o 30/07/2010. Sen pasar por este control as Bases do Convenio que finalizan por terminación convencional o procedemento acordan recoñecer a existencia dun desequilibrio económico no importe determinado naquel estudo, isto é: 188.102 €/ano.

O estudo económico configúrase como un trámite esencial do procedemento, de modo que a súa insuficiencia impide que o procedemento poida resolverse con todos os elementos necesarios para acadar unha resolución correcta.

Polo tanto, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Supremo, ante unha insuficiencia do estudo económico estaríamos ante un suposto de nulidade de pleno dereito do procedemento administrativo.

1.1.2) Suficiencia ou non do informe pericial

O mantemento do equilibrio económico é substancial á concesión administrativa

O equilibrio económico na concesión administrativa é unha figura que xa aparece regulada no art. 127.2 RSCL:

"2. A Corporación concédente deberá:

(...)

2º. Manter o equilibrio financeiro da concesión, para o que:

- a) compensará economicamente ao concesionario por razón das modificacións que lle ordenare introducir no servizo e que incrementaren os custos ou diminúsen a retribución; e*
- b) revisará as tarifas e a subvención cando, sen mediar modificacións no servizo, as circunstancias sobrevidas e imprevisibles determinasen, en calquera sentido, a rotura da economía da concesión."*

Por outra parte, o artigo 164.2 LCAP establecía:

"2. Cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato, a Administración deberá compensar ao contratista de modo que se manteña o equilibrio dos supostos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato".

Un dos rasgos característicos das concesións administrativas é o risco e ventura que debe asumir o concesionario na explotación do servizo público. Unha característica que, tanto a normativa (RSCL, LCAP) como a xurisprudencia matizaron, dado o interese xeral do servizo público e na continuidade da súa prestación.

STS 02/12/1988: A concesión *"(...) está dominada por un criterio fundamental: manter a continuidade da prestación do servizo público. E así, cando non se sostén a honesta equivalencia entre o que se lle da ao concesionario e o que se lle esixe, para*

evitar o abandono da concesión ou o deterioro do servizo, será preciso restablecer o equilibrio financeiro da concesión. Con elo, a concepción da rixidez do contrato -ou do prego de condicións- substituíuse pola da flexibilidade do contrato. É, ademais, unha esixencia da lealdade e boa fe que deben inspirar con especial intensidade as relacións de colaboración entre a Administración e o concesionario. En definitiva, o interese público da continuidade do servizo prevalece sobre a doutrina clásica da inalterabilidade do contrato.

STS 20/12/1986: “O principio tradicional na contratación administrativa de risco e ventura do contratista -artigo 57 do Regulamento de contratación das Corporacións Locais- e a regra da inalterabilidade dos contratos -artigo 51 do mesmo regulamento- sofren importantísimas atenuacións no campo da concesión de servizos públicos. A doutrina e a xurisprudencia francesa, frecuentemente citadas a este respecto pola nosa Sala -así, sentenza do 24 de abril de 1985- veu destacando que, ante todo, aquela concesión está dominada por un criterio fundamental: manter a continuidade da prestación do servizo público. E así, cando non se sostén a honesta equivalencia entre o que dálle ao concesionario e o que se lle esixe”, para evitar o abandono da concesión ou o deterioro do servizo, será preciso restablecer o equilibrio financeiro da concesión. Con ilo a concepción da rixidez do contrato -ou do prego de condicións, substituíuse pola de flexibilidade do contrato”.

STS 20/05/1999: “O mantemento do equilibrio económico das concesións administrativas é un principio básico de toda figura concesional... e un deber da Administración, en o que as concesións non poden subsistir (...)”

Requisitos que deben darse para a aplicación da fórmula de restablecemento do equilibrio económico

Tal e como sinala Ángel Ballesteros Fernández, a expresión *equilibrio financeiro* é un concepto xurídico indeterminado que debe concretarse en cada caso concreto para atribuírle o significado real que lle corresponda. A este respecto, hai que indicar que nin os pregos de cláusulas particulares nin o contrato establecen ningunha fórmula para a súa definición, o que complica a resolución do problema.

En calquera caso e, seguindo a Ángel Ballesteros, deben coincidir varias circunstancias:

Debe tratarse dun **suposto excepcional**. Así, a STS 09/10/1987 establece que “(...) o equilibrio financeiro é unha fórmula excepcional que debe coordinarse co principio de risco e ventura, co fin de impedir que a dita excepcionalidade se converta nunha garantía ordinaria dos intereses do concesionario, como un seguro gratuito que cubra todos os riscos da empresa trasladándoos íntegros á res pública, en contra do que constitúe a esencia mesma da institución e os seus límites naturais”. A STSX Castela-León do 16/05/2011 reza tamén que “o equilibrio financeiro é unha fórmula excepcional que non pode aplicarse de forma indiscriminada de modo que sexa unha garantía ordinaria dos intereses do contratista, como si se tratase dun seguro gratuito que cubre todos os riscos da empresa”

Supostos nos que procede: 1) *ius variandi*; 2) *factum principis* e 3) acontecementos imprevistos e imprevisibles no momento de celebrar o contrato.

A STS 13/11/1986 explica as diferentes causas que poden impoñer a revisión do equilibrio contractual:

“Nos contratos administrativos de xestión de servizos públicos, en especial os que adoptan a modalidade de concesión (nos que o empresario-concesionario xestiona o servizo ao seu risco e ventura), a maior onerosidade sobrevida, ben resulte dunha modificación do obxecto do contrato imposto unilateralmente pola Administración (*ius variandi*) ou dunha decisión desta producida fóra do ámbito contractual propiamente dito (*factum principis*) ou ben proveña de acontecementos imprevistos e imprevisibles no momento de celebrar o contrato, debe compartirse pola Administración contratante, asumindo, parcialmente, co concesionario, o risco e a ventura da explotación (isto é, as consecuencias que poidan derivar dos eventos inicialmente excluídos da concesión en canto alleos á construción da ecuación que lle é inherente), mediante un reparto equitativo dos prexuízos ou unha indemnización total ou parcial dos detrimentos”

Quantum do desequilibrio

En relación ao importe do desequilibrio que a Administración debe compensar existen diferencias entre a doutrina e a xurisprudencia no alcance cuantitativo do seu resarcimento. Mentres hai acordo en que a maior onerosidade derivada do exercicio do *ius variandi* debe se obxecto de compensación íntegra e que no caso do risco imprevisible proceda a súa distribución entre as partes contratantes, existen diverxencias no suposto do *factum principis*. Incluso hai diverxencias en definir se estamos ante un risco imprevisto e imprevisible ou ante un *factum principis* no caso de que a orixe estea nunha actuación/decisión dunha Administración diferente da que celebra o contrato.

O expediente iniciouse como unha modificación contractual (aspecto reclamado no escrito de alegacións), pero aínda que se invocase outro motivo como causa do desequilibrio, o procedemento sería, substancialmente, o mesmo, sendo, novamente, o estudo económico/informe pericial a peza básica para a súa resolución.

Non obstante, esta discusión é irrelevante neste expediente, xa que o motivo da revisión de oficio das Bases do Convenio (...) non é a distribución do desequilibrio entre as partes, senón a insuficiencia do estudo económico que impide chegar a un importe correcto. Co cal, a alegación de que non estamos ante un expediente de modificación contractual non incide no fondo do asunto do motivo que estamos analizando (omisión dun trámite esencial como causa de nulidade do expediente).

O cálculo dese desequilibrio, pola contra si debe poñerse en relación co momento da adxudicación, xa que deben ponderarse varios aspectos:

O desequilibrio debe ser substancial

Un dos requisitos para que o desequilibrio da concesión sexa compensable é que debe ser un desequilibrio substancial.

O avogado Ángel Ballesteros Fernández considera que aínda que o mantemento do equilibrio concesional é un dereito do concesionario e un deber da Administración, deberán terse en conta os termos do prego e do contrato para incluír ou non as circunstancias sobrevidas como imprevisibles e para determinar a alteración do equilibrio como **substancial**.

Por outra parte, o informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragón 24/2013, do 25 de novembro establece que “(...) desde unha interpretación teleolóxica pódese xustificar que existe ruptura do equilibrio contractual por existir un **risco desmesurado** (tal e como advertira o Consello de Estado no seu Ditame do 14 de maio de 1987), o que debe permitir o re-equilibrio da concesión en tanto existe un claro efecto perturbador sobre o sistema de retribución e reparto de riscos, non previsto nin previsible, **alleo á dilixencia empresarial do concesionario** tanto no momento de presentar a súa oferta como da forma de xestión do modelo concesional, que pon en serio perigo a economía do contrato nos termos pactados. Neste sentido, a STS do 14 de xullo de 2010 **admitiu a técnica do equilibrio financeiro cando existe un desequilibrio financeiro suficientemente importante e significativo, que non pode subsumirse na estipulación xeral do risco e ventura de toda contratación de obra pública**”.

As bases necesarias para o cálculo inicial da retribución

A STS do 20/12/1986 considera que “debe terse presente para a súa cuantificación os mesmos elementos que legalmente a integran como as bases necesarias para o cálculo inicial da retribución”. Segundo Ángel Ballesteros Fernández cando a norma impón o mantemento do equilibrio económico do contrato a tenor das bases que serviron para o seu outorgamento, o termo bases non alude ao prego de condicións, senón á teoría de orixe civilista da base do negocio, isto é, as representacións dos interesados ao tempo da conclusión do contrato sobre a existencia de certas circunstancias básicas para a súa decisión.

O mesmo artigo 126.2.b) RSCL establece en relación á retribución económica do concesionario “**cuxo equilibrio, a tenor das bases que serviran para o seu outorgamento, deberá manterse en todo caso**”.

Así, os presupostos utilizados polo concesionario para definir a súa oferta tanto para o momento inicial da concesión como para o seu período contractual deben terse en conta para delimitar se sufriron unha variación substancial con respecto da súa oferta.

Non poden imputarse ao desequilibrio económico as actuacións imputables ao contratista por unha deficiente xestión ou por existir voluntariedade pola súa parte

Traendo novamente a colación o informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragón 24/2013, do 25 de novembro, hai que eliminar da compensación do equilibrio económico da concesión os custos derivados da falta de dilixencia do concesionario, que debe asumir como parte do risco da explotación:

“(...) desde unha interpretación teleolóxica pódese xustificar que existe ruptura do equilibrio contractual por existir un **risco desmesurado** (tal e como advertira o Consello de Estado no seu Ditame do 14 de maio de 1987), o que debe permitir o re-equilibrio da concesión en tanto existe un claro efecto perturbador sobre o sistema de retribución e reparto de riscos, non previsto nin previsible, **alleo á dilixencia empresarial do concesionario** tanto no momento de presentar a súa oferta como da forma de xestión do modelo concesional, que pon en serio perigo a economía do contrato nos termos pactados”.

Por outra parte, os maiores custos de persoal derivados dun convenio de empresa pactado polo concesionario sen ningunha intervención da Administración concedente non se pode cualificar de causa imprevisible, xa que non se trata dun feito alleo á vontade do concesionario (STS 20/12/1986, STS 29/06/1990).

Elementos que deben analizarse no estudo económico que avalíe o desequilibrio da concesión

Como consecuencia da exposición dos requisitos que deben darse para que se produza a compensación de custos ao concesionario, o estudo económico debe conter os seguintes elementos:

- Debe terse en conta a oferta presentada polo concesionario e ter en conta nas súas previsións de ingresos, custos e beneficios as bases, circunstancias ou hipóteses que foron básicas para a definición da proposición
- Determinación dos ingresos e gastos totais dos servizos da concesión administrativa. Á dita información deben deducírselle os custos que, segundo os criterios apuntados deben integrarse dentro do risco da explotación e non computar os menores ingresos derivados dunha menor demanda que non teñen a súa causa nin no *ius variandi*, nin no *factum principis* nin no risco imprevisible nin imprevisible. Deste xeito poderán determinarse o beneficio/perda da concesión e comparalo co tido en conta na oferta da licitación co fin de determinar, en primeiro lugar, se pode cualificarse de substancial ou non.
- Aplicación dos criterios xurisprudenciais para proceder á determinación dos custos que debe asumir a Administración contratante con fin de repoñer, no caso de que proceda, o equilibrio económico ao concesionario.

Estas conclusións coinciden coas do informe da Intervención do 30/07/2010, en virtude das cales solicitaba informe de experto técnico experto en concesións administrativas referentes ao abastecemento de auga e de saneamento, para que previa observación das actuais instalacións e tendo en conta as previsións futuras e a oferta económica poña de manifesto de forma xustificada:

- O custo de cada un dos servizos
- Os ingresos que corresponden a cada servizo
- A existencia ou non cos datos recabados de desequilibrios económicos na concesión, indicando expresamente de existir desequilibrio económico, que parte é imputable a cambios substanciais na prestación dos servizos, debidos á imposición unilateral da Administración que a fagan máis gravosa.

A Intervención Municipal emite novamente un informe con posterioridade á formalización das Bases do convenio (14/10/2011), expediente que tramitouse sen a fiscalización previa preceptiva, na que extrae as mesmas conclusións. Así, en relación co informe pericial de Gilberto Rodríguez Rodríguez establece que “*reflicte os custos adicionais dunha instalación da concesión administrativa e non da totalidade da concesión e porque non considera os ingresos da concesión administrativa (vertente positiva do equilibrio económico), nin tan sequera os ocasionados coa mellora da instalación á que se refire, tampouco ten en consideración a oferta presentada polo concesionario no momento da licitación e que vincula a este contractualmente; a que emite o presente, dubida por este motivo dos fundamentos da conclusión do estudio antes mencionado elaborado por D. Gilberto Rodríguez Rodríguez, pois se cuantificaron unha parte dos gastos, non a totalidade, non se cuantificaron os ingresos e non se comparou coa oferta presentada polo concesionario, extrapolada ao momento temporal da comparación*”.

O informe da Intervención Municipal do 18/07/2012 concluía que a actual situación económica da concesión non estaba completamente depurada e requiría, entre outra documentación, un informe técnico no que se analice o grao de cumprimento da oferta presentada no seu momento e a situación actual do servizo para dar cobertura ou non a un posible desequilibrio económico da concesión.

Conclusión

De todo o exposto anteriormente conclúese que o informe pericial do enxeñeiro Gilberto Rodríguez Rodríguez é insuficiente, xa que non reunía os requisitos apuntados pola Intervención Municipal no informe do 30/07/2015 e así púxose de manifesto posteriormente pola propia Intervención a través dos informes emitidos o 14/10/2011 e o 18/07/2012, con posterioridade á formalización das Bases do convenio, xa que non se levou a cabo a fiscalización previa preceptiva.

1.1.3) Informes técnicos posteriores ás Bases do Convenio

O concesionario alega que existen dous informes técnicos posteriores que avalan o resultado do elaborado por Gilberto Rodríguez Rodríguez. O único informe que avala o importe do desequilibrio de 188.102 €/ano é o informe de auditoría elaborado por José Carmelo Fraile Renieblas. O noso pronunciamento é negativo. A título de exemplo, non considera os criterios citados para a cuantificación dos custos de persoal. Deste xeito, o informe da enxeñeira técnica industrial, Generosa Rey Piñeiro- , que utiliza como referencia os datos retributivos do convenio de aplicación, valora os custos de persoal en 10.299,38 € fronte aos 50.399 € do informe de Gilberto Rodríguez e os 80.893,83 € do economista-auditor. Así, o informe da enxeñeira fai a seguinte advertencia en relación a estes custos:

“Nótase o importante incremento do custo hora normal por categoría profesional no convenio de 2011 en relación co convenio de 1996, nalgúns casos acada case o 100%. Incremento de custo que non queda xustificado cos complementos indicados no convenio: antigüidade, beneficios, plus transporte, etc. Segundo as fichas de custo do persoal mostradas existen certos complementos, pluses e incentivos e un cuarto tipo de hora extraordinaria que non aparecen recollidos no convenio publicado”

A comparación cuantitativa dos custos adicionais das novas instalacións existente entre o informe base do enxeñeiro de camiños, canais e portos (Gilberto Rodríguez Rodríguez) e o da enxeñeira técnica industrial (Generosa Rey Piñeiro) resúmese no seguinte cadro:

Concepto	Informe base do enxeñeiro de camiños, canais e portos	Informe posterior enxeira técnica industrial
Persoal	50.399,00	10.299,38
Conservación e mantemento	38.330,00	12.276,58
Medios materiais	1.350,00	0,00
Custos administrativos e varios	10.638,00	9.658,00
Total gastos fixos	100.717,00	32.233,96
Enerxía eléctrica	33.870,00	34.000,00
Tratamento de fangos	35.396,00	32.719,39
Tratamento de caudais	3.671,00	0,00
Total gastos variables	72.937,00	66.719,39
Beneficio industrial e gastos xerais	14.448,00	7.226,56
Total	188.102,00	106.179,90

Obsérvase pois unhas diferenzas substanciais que non poden ser obviadas e poñen en entredito a validez e suficiencia mencionada do informe técnico emitido por D. Gilberto Rodríguez.

1.2) Ausencia do informe sobre a modificación pola Secretaría e de fiscalización do expediente pola Intervención

Os motivos da alegación resúmense nos seguintes:

- O procedemento administrativo que culmina nas Bases do Convenio... non é unha modificación contractual
- Existe unha fiscalización do expediente realizada en tres ocasións, entendemos que se refire a efectuada nas datas do de 30/07/2010, de 14/10/2011 e de 18/07/2012.

1.2.1) O procedemento polo que se leva a cabo o restablecemento do equilibrio económico non é unha modificación contractual

O expediente de restablecemento do equilibrio económico da concesión incoouse a partir da presentación do estudo técnico-económico polo enxeñeiro de camiños -Gilberto Rodríguez Rodríguez- mediante a Resolución da Alcaldía núm. 466/2011, do 12 de abril, polo que se acorda a **incoación do expediente de modificación do contrato** de concesión administrativa dos servizos municipais de abastecemento de auga potable a domicilio e saneamento. O dito expediente tramitouse como unha modificación contractual aínda que neste caso, o certo é que non é este procedemento o axeitado. Do que podería discutirse se se trata dunha modificación ou non é a ampliación e mellora das instalacións do servizo de saneamento, co fin de determinar se existe ruptura do equilibrio da concesión e por qué importe, de ser o caso. Pero o expediente polo que se determina se procede o restablecemento do desequilibrio, non se trataría dunha modificación contractual.

Non obstante, entendemos que este argumento preséntase para indicar que non son necesarios os informes da Secretaría e da Intervención Municipal. En canto a este último, xa anteriormente citouse a normativa que regula a función interventora con carácter xeral:

O artigo 4 RD 1174/1987 establece que a función de control e fiscalización interna comprende, entre outros: “a) A fiscalización, nos termos previstos na lexislación, de **todo acto, documento ou expediente que dea lugar ao recoñecemento de dereitos e obrigas de contido económico** ou que poidan ter repercusión financeira ou patrimonial, emitindo o correspondente informe ou formulando, no seu caso, os reparos procedentes”. Se ben para a modificación contractual a normativa de contratos esixe de modo expreso os ditos informes, a fiscalización previa ten unha regulación de carácter xeral, que esixe a súa presenza nos expedientes que dean lugar ao recoñecemento de dereitos e obrigas, como é o caso do restablecemento do equilibrio económico. Hai que resaltar, asemade, que o Decreto 466 do 12/04/2011 solicitaba os informes da Secretaría e da Intervención Municipal e que finalizouse o procedemento sen a súa evacuación.

1.2.2) Realizouse a fiscalización do expediente en tres ocasións e o art. 113 TRRL non se aplica á revisión de oficio, xa que está derogada

A función do control interno realízase con carácter previo á adopción dos acordos, cando o expediente está completo, preparado para que se adopte o acto administrativo correspondente. A motivación de que a fiscalización se localiza neste momento procedimental ten o fin de garantir o coñecemento da suxeición ou non a dereito da proposta de acordo por parte do órgano competente.

Como xa se expuxo reiteradamente neste informe, o estudo económico do enxeñeiro Gilberto Rodríguez Rodríguez, trátase dun trámite esencial do procedemento, de modo que a súa insuficiencia constitúe un vicio de nulidade de pleno dereito. A falta da fiscalización do expediente impediu que se detectaran as deficiencias do dito informe. A pesar de que na Resolución de incoación do procedemento solicitouse a súa emisión (o de Secretaría e o de Intervención) o procedemento finalizou coa sinatura das Bases do Convenio... sen que chegaran a evacuarse.

En relación á emisión do informe xurídico, indícase novamente que a Resolución de incoación do expediente solicitou o informe á Secretaría Municipal. O artigo 3 RD 1174/1987 establece que:

“A función de asesoramento legal preceptivo comprende:

a) A emisión de informes previos naqueles supostos nos que así o ordene o presidente (...)”

A pesar de que a titular do posto da Secretaría estaba en servizo activo emitíuse unicamente o informe do asesor xurídico. Independentemente de que exista un informe dun asesor xurídico externo, hai que ter en conta que, dado que esta función está reservada á Secretaría Municipal, este informe non pode substituírse por outro emitido por órgano distinto.

Esta Secretaría quere facer constar que en ningún momento achegóuselle o expediente a tal fin, e caso de ausencia desta funcionaria (o que non foi o caso nesas datas) debería terse solicitado asistencia técnica á Deputación da Coruña, para a emisión do mencionado informe por un funcionario con habilitación de carácter estatal do servizo de asistencia a municipios.

Polo tanto, consideramos que a emisión dos informes solicitados era necesaria para que as conclusións desfavorables que se puxeron de manifesto tras as Bases do Convenio se emitisen no momento procedimental axeitado. Deste xeito, a súa omisión constitúe a omisión dun trámite esencial, xa que a súa falta impediu que o acto administrativo polo que finaliza o procedemento se conformase correctamente con suxeición a dereito. Os informes da Intervención do 14/10/2011 e do 18/07/2012 son posteriores e, polo tanto o acto administrativo estaba adoptado e, con él, a súa eficacia e presunción de validez. Así, o único modo de eliminar os seus efectos é a través deste procedemento de revisión de oficio.

1.3) A non celebración da Comisión Informativa previa e preceptiva á terminación convencional

O feito de que a delegación sexa efectuado polo Pleno na Alcaldía non é óbice para obviar que si a competencia devén do pleno corporativo previamente tería que someterse a ditame da Comisión informativa competente.

En calquera caso, acéptase a indicación do estipulado no artigo 123 do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais, que parece cingirse a súa celebración unicamente cando o asunto ha de someterse a outro órgano colexiado decisorio, suponse que co gallo de que os seus membros sexan coñecedores con anterioridade.

1.4) A non concorrencia de fedatario público ao acto da sinatura das Bases do Convenio

En canto a estes trámites, finalmente concluímos en que, a diferenza do estudo económico e dos informes da Secretaría e da Intervención Municipal, non teñen un carácter esencial no procedemento nos termos definidos pola xurisprudencia e, polo tanto, non constitúen un vicio de nulidade do acto administrativo, senón de anulabilidade.

Cómpre indicar que a intervención da Secretaría a eses efectos atópase determinada no artigo 3 e) do Rd.1174/1987, de rexime xurídico dos funcionarios con habilitación de carácter nacional, o que permitiría cando menos o asesoramento legal antes da sinatura.

1.5) Ausencia do informe do Consello Consultivo de Galicia ao supoñer unha modificación do 20% sobre o valor inicial do contrato

De acordo co argumentado anteriormente, efectivamente o procedemento aínda que se incoou como unha modificación contractual, non ten esta natureza, polo que non corresponde a súa remisión ao Consello Consultivo para o seu informe

2. ACORDO ADOPTADO POLO ÓRGANO MANIFESTAMENTE INCOMPETENTE POR RAZÓN DA MATERIA

A concesionaria parte do carácter de simple compromiso do texto en cuestión, ou sexa, das Bases do convenio, recoñecendo que non se trata dun acordo de imposición de taxa, xa que de feito o informe de intervención do 14/10/2011 versaba sobor da "imposición e ordenación dunha taxa polo servizo de depuración de augas residuais en aplicación do convenio asinado para a reposición do equilibrio económico."

Estas funcionarias, no seu informe cara a incoación do expediente de revisión de oficio, querían por de relieve o carácter condicionado co que naceu o texto sobor do cal se informa, as bases do convenio, xa que logo de recoñecerse que así é por parte da concesionaria xurde á vida administrativa cun cometido moi endeble, o compromiso dun alcalde en exercizo dunhas potestades mais sen efectividade práctica.

4. CONCLUSIÓNS

Estas Secretaría e Intervención Municipais propoñen a seguinte resolución das alegacións:

1º. Estimar as alegacións aos seguintes motivos de nulidade de pleno dereito das Bases do Convenio para o restablecemento do equilibrio económico da concesión do servizo de abastecemento de auga e de saneamento do Concello de Rianxo:

- A omisión da Comisión Informativa previa e preceptiva á terminación convencional
- A non concorrencia de fedatario público ao acto da sinatura das Bases do Convenio
- A ausencia do informe do Consello Consultivo de Galicia ao supoñer unha modificación do 20% sobre o valor inicial do contratos

2º. Desestimar as alegacións aos seguintes motivos de nulidade de pleno dereito das Bases do Convenio para o restablecemento do equilibrio económico da concesión do servizo de abastecemento de auga e de saneamento do Concello de Rianxo:

- A insuficiencia dos estudos técnicos que serviron de base para determinar o desequilibrio económico por omitir total e absolutamente o procedemento legalmente establecido
- A ausencia do informe sobre a modificación pola Secretaría e de fiscalización do expediente pola Intervención por omitir total e absolutamente o procedemento legalmente establecido.

3º.- En consecuencia, procede a revisión de oficio das Bases do Convenio para o restablecemento do equilibrio económico da concesión do servizo de abastecemento de auga e de saneamento do Concello de Rianxo por concorrer o seguinte motivo de nulidade de pleno dereito: A omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido debido a:

- A insuficiencia do estudo técnico do enxeñeiro Gilberto Rodríguez Rodríguez que determinaba o desequilibrio económico
- A ausencia dos informes de fiscalización e da Secretaría previos á terminación convencional do procedemento

Todo iso sen prexuízo de que o acordo de fondo en tanto modo de compensación do suposto desequilibrio económico – vía a imposición dunha taxa ou revisión desta- é de competencia indelegable plenaria.>>

3. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS EFECTUADAS CARA A SOLICITUDE DE DITAME AO CONSELLO CONSULTIVO:

3.1. Con independencia das análises e das conclusións do informe conxunto de Secretaría e Intervención que se deixa transcrito -e que substancialmente se asumen- as anomalías enumeradas adquiren unha especial relevancia se temos en conta que o documento discutido **é negociado e asinado no propio mes de maio de 2011 no que concluía o mandado do alcalde e tiñan lugar as eleccións locais das que saíría unha nova Corporación.** Se a iso lle sumamos que a Corporación pode delegar na Alcaldía o exercicio das competencias plenarias en materia de contratación e xestión de servizos públicos pero as competencias en materia de aprobación de ordenanzas fiscais e de imposición de tributos municipais non son delegables (artigos 21 e 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime Local), resulta lóxico concluir que o negocio xurídico cuestionado en canto prevé esencialmente a creación e imposición dunha nova taxa municipal –a taxa de depuración de augas- e a súa contía, así como a modificación das contías das outras taxas preexistentes, é radicamento nulo. Isto vólvese aínda máis rechamante se temos en conta que o órgano chamado a aplicar as bases do convenio sería o novo Pleno da Corporación que sae das eleccións do 23 de maio de 2011, polo que lóxicamente resulta inexplicable que a empresa e o daquela alcalde negocien e formalicen aquel convenio. Estas circunstancias non podían descoñecerse para unha empresa como Aquagest, que era das máis importantes de Galicia e de España no sector dos servizos de xestión integral de auga e que contaba con medios humanos e asesoramento profesional altamente cualificados e especializados.

3.2. Á vista do exposto, cúmprense os requisitos esixidos polo artigo 102 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a revisión de oficio do acto que nos ocupa por

apreciarse motivos de nulidade de pleno dereito, e os artigos 4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, atribúenlles aos municipios a potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos. Por outra parte, o artigo 102 da Lei 30/1992 de Réxime xurídico da Administracións Públicas e procedemento administrativo común, esixe para a revisión de nulidade dos actos que se obteña o o ditame favorable do Consello de Estado ou o órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma. O Consello Consultivo de Galicia é o supremo órgano consultivo da Xunta de Galicia e das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e a emisión dos seus ditames e procedemento regúlase na Lei 3/2014, da que cómpre ter en conta, entre outros aspectos:

- O carácter preceptivo do informe nos asuntos do artigo 12 da mencionada lei, entre os que se atopa o de revisión de actos administrativos.

- A necesidade de que o acto administrativo que se adopte trala recepción do ditame do Consello Consultivo de Galicia exprese se se adopta “de acordo co Consello Consultivo”, segundo o apartado 5 do artigo 11 desta Lei.

Polo exposto, esta alcaldía, remitiu ao Consello Consultivo xunto co expediente un texto de proposta ao pleno cuxo teor literal se recolle deseguido:

<<PRIMERO. Estimar as alegacións presentadas pola concesionaria respecto dos seguintes motivos de nulidade de pleno dereito das Bases do Convenio para o restablecemento do equilibrio económico da concesión do servizo de abastecemento de auga e de saneamento do Concello de Rianxo:

- A omisión da Comisión Informativa previa e preceptiva á terminación convencional.

- A non concorrencia de fedatario público ao acto da sinatura das Bases do Convenio.

- A ausencia do informe do Consello Consultivo de Galicia ao supoñer unha modificación do 20% sobre o valor inicial do contratos.

SEGUNDO. Desestimar as alegacións aos seguintes motivos de nulidade de pleno dereito das Bases do Convenio para o restablecemento do equilibrio económico da concesión do servizo de abastecemento de auga e de saneamento do Concello de Rianxo:

- A insuficiencia dos estudos técnicos que serviron de base para determinar o desequilibrio económico por omitir total e absolutamente o procedemento legalmente establecido

- A ausencia do informe sobre a modificación pola Secretaría e de fiscalización do expediente pola Intervención por omitir total e absolutamente o procedemento legalmente establecido.

- A decisión de compensar o suposto desequilibrio económico por medio da imposición dunha nova taxa –de saneamento de augas residuais- e a revisión das tarifas doutras taxas, por se tratar a Alcaldía dun órgano manifestamente incompetente ao se tratar de materias que lle corresponden ao Pleno da Corporación e son indelegables.

TERCEIRO.- En consecuencia, declarar a nulidade de pleno dereito do acto administrativo denominado “Bases de un convenio para la reposición del equilibrio económico de la concesión del servicio de agua y saneamiento del ayuntamiento de Rianxo” asinado o 09/05/2011 polo titular da Alcaldía e a empresa concesionaria AQUAGEST, PROMOCIÓN TÉCNICA Y FINANCIERA DE ABASTECIMIENTOS DE AGUA, SA (hoxe Víaqua) polos motivos de nulidade de pleno dereito recollidos no apartado segundo deste acordo, e de conformidade co ditame emitido co Consello Consultivo de Galicia que figura incorporado ao expediente.

CUARTO.- Notificar este acordo á concesionaria VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. en tanto sucesora do devandito contrato, advertíndolles que pon fin á vía administrativa, e comunicando o pé de recursos que procede.>>

A remisión do expediente ao Consello Consultivo de Galicia efectuouse o día 14/07/2015 (RXS nº 3398) e completouse o día 27/08/2015 (RXS nº 3988)

4. DITAME DO CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA

Recibido o expediente polo Consello Consultivo o 16/07/2015, este acordou prorrogar o prazo de emisión de ditame ao abeiro do artigo 39.2 do Decreto 91/2015.

O día 08/09/2015 recíbese o ditame do Consello Consultivo de Galicia que conclúe “que informa desfavorablemente a proposta d resolución á que o presente expediente se refire”.

En consecuencia cómpre resolver que o acto é válido no prazo que resta nos 3 meses que preceptúa a normativa, transcorrido o cal producírase a caducidade do expediente de revisión de oficio.

Sen embargo, é importante atender aos argumentos que se recollen no texto do ditame, esencialmente, que o acto que se revisa non é un acto que pon fin á vía administrativa, nin tan sequera o contemplan como acto de trámite cualificado.

<<.../..

CONSIDERANCIÓNS

Primeira.-

Sométese a consulta, como quedou reflectido nos antecedentes do presente ditame, un expediente administrativo, cualificado como de revisión de oficio de acto nulo de pleno dereito, para o que resulta competente este organismo por encadrarse nas competencias definidas polo artigo 12, f) da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e 17, a) do seu regulamento, aprobado polo Decreto 91/2015, do 18 de xuño, segundo os que debe ser consultado preceptivamente nos supostos de revisión de oficio dos actos administrativos, na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, en canto garantía de preservación da seguridade xurídica e de suxeición a dereito da actuación administrativa.

Amáis, o ditame ten o carácter de preceptivo e vinculante, xa que o artigo 102 da LRXPAC require "previo e favorable ditame" ao referirse á declaración de oficio da nulidade dos actos administrativos.

Segunda.-

O procedemento de revisión de oficio de actos administrativos constitúe unha fórmula privilexiada e excepcional, en canto actividade na que conflúen valores contrapostos provenientes, por unha parte, do principio de seguridade xurídica e, por outra, do principio de legalidade. A súa finalidade é a de privar de toda eficacia, mediante a súa anulación, por unilateral pronunciamento do órgano administrativo competente, a algunha das súas decisións anteriores viciadas de nulidade, decisións que, en canto actos administrativos, gozan dunha inicial presunción de certeza e axuste á legalidade.

As referidas circunstancias xustifican o sometemento do exercicio desta potestade a garantías reforzadas, que se traducen, ante todo, na esixencia dunha adecuada e inescusable formalización, así como no escrupuloso acomodo ás normas reguladoras do procedemento, especialmente tendo en conta a función de garantía da legalidade e dos dereitos dos interesados que a aquelas lles corresponde.

A este respecto, e en canto ao procedemento seguido, este debe considerarse, en liñas xerais, correctamente tramitado.

Tan só cómpre sinalar, en canto á vertente temporal do procedemento, que o artigo 102.5 da LRXPAC- na redacción dada pola Lei 4/1999- fixa un prazo de tres meses para resolver o procedemento de revisión de oficio, transcorrido o cal, se o procedemento se tivese iniciado de oficio, producírase a caducidade deste. Se ben o devandito prazo, conforme ao artigo 42.5. c), poderá ser suspendido polo tempo que medie entre a petición do noso ditame e a súa recepción, sen que en ningún caso exceda de tres meses, se así se acorda pola Administración que tramita o procedemento.

É sobre punto en concreto-suspensión do prazo máximo para resolver na Providencia na que se acorda o inicio do procedemento de revisión de oficio

(30.04.2015)- onde este Consello Consultivo debe facer unha obxección sobre o momento en que se acorda. En puridade, e de acordo cos estrito termos do artigo 42.5 c) da LRXPAC o acordo de suspensión debería ser acordado no intre en que é requirido o Ditame, e non, con carácter previo no acordo de inicio do procedemento (sobre este extremo poden consultarse a Memorias do Consejo de Estado dos anos 2003 e 2077).

Sen prexuízo do anterior non pode considerarse a práctica efectuada como irregularidade invalidante do procedemento o que afecte as facultades de intervención e defensa (indefensión) dos interesados xa que a través do procedemento seguido ata chegar ata ao presente trámite de ditame, quedaron garantidos a legalidade e a defensa procedemental dos dereitos participantes no procedemento.

Terceira.-

Tal e como se adiantou, o artigo 102.1 da LRXPAC, dispón quebrantamento

"As Administracións Públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou por solicitude de interesado, e previo ditame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houber, declarararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non teñan sidos recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 62.1"

Polo tanto, para dar curso ao procedemento de revisión de oficio de actas nulos de pleno dereito, é necesario que concorran os seguintes requisitos:

- *Que se encontren nun dos supostos enumerados no artigo 62.1, ou que, ao abeiro da última letra do citado precepto, estean expresamente previstos nunha lei.*
- *Que poñan fin á vía administrativa ou que non fosen recorridos en prazo, se ben este último é un requisito que só xogará cando se inicie a revisión a instancia do interesado e non cando o procedemento sexa instado de oficio pola propia Administración autora do acto.*
- *Que a solicitude de revisión de oficio se inste por persoa interesada ou de oficio pola propia Administración.*

Engadidamente, é preciso pór de relevo o carácter extraordinariamente restritivo que no noso Dereito Administrativo e no noso ordenamento en xeral ten a nulidade de pleno dereito, sendo a anulabilidade a norma xeral. Até tal punto iso é así, que para chegar a unha conclusión anulatoria ha de constar de maneira incontestable a concorrencia de transcendentales infraccións legais ou inemendables vicios, xa que un elemental principio de economía procesual impide anular un acto ou resolución para retrotraer o trámite ao momento anterior se é de prever que unha vez emendado o defecto se volvera a producir un acto administrativo igual ao que se anula.

Cuarta.-

Con carácter previo, pois, cómpre analizar se o acto cuxa revisión se pretende pode considerarse un acto administrativo susceptible de revisión. Este Consello Consultivo considera que a resposta debe ser negativa atendendo a natureza e contido do documento denominado "Bases de un convenio para la reposición del equilibrio económico de la concesión del servicio de agua y saneamiento del Ayuntamiento de Rianxo".

Así, tal e como se recolle nos antecedentes, o acto dítase no seo dun procedemento contractual ("Contrato administrativo de concesión dos servizos municipais de abastecemento de auga potable a domicilio e de saneamento") co gallo de poñer fin á controversia sobre o restablecemento do equilibrio económico do contrato ata o punto que no mesmo indícase que se aplica a modalidade de terminación convencional do procedemento administrativo ao abeiro dos artigos 87 e 88 da Lei 30/1992.

Consta, asemade, no expediente que intentada a resolución do contrato de mutuo acordo, como medio de poñer fin á diferente posición das partes – relacionadas fundamentalmente coas instalacións de saneamento e abastecemento das parroquias de Leiro e Isorna-, é mostrada oposición por parte da concesionaria.

Con este antecedentes, con data 09.05.201 o alcalde do Concello de Rianxo subscribe un documento coa mercantil (daquela Aquagest), cualificado como de "Bases de un convenio para la reposición del equilibrio económico de la concesión del servicio de agua y saneamiento del Ayuntamiento de Rianxo."

O primeiro que cabe sinalar a respecto destas bases é a ambigüidade que se aprecia na redacción das súas cláusulas, cunha diferente utilización de tempos e formas verbais, amén do contido material dalgunha delas, que dificulta en grande medida a súa cualificación de xeito indubitado.

Nun primeiro momento, así, e atendendo exclusivamente á súa denominación, o documento non sería un convenio en si mesmo, senón que fixaría as condicións (bases) para a súa futura efectividade. Con todo, é máxima admitida doutrinal e xurisprudencialmente que as cousas son o que son a súa cualificación xurídica verá determinada polo seu contido e non polo nomen iuris que se lle asigne.

De conformidade co apuntado_haberá que acudir ao contidas das súas cláusulas para tratar de captar a esencia e natureza do acto asinado. Do documento en cuestión, interesa salientar, aos efectos que nos ocupan, as seguintes cláusulas:

"Segundo.- Se conviene que la forma de reposición del equilibrio económico de la concesión, sea mediante un acuerdo de imposición de una tasa por el servicio de depuración de aguas residuales, y simultánea ordenación de la misma a través de la correspondiente ordenanza fiscal, en los términos del artículo 19 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

(...)

Novena.- 1º.- El concesionario renuncia, y en consecuencia se sujeta como condicionante de la validez del presente convenio, a cualquier contencioso que por motivo del contrato en vigor, tenga interpuesto a la fecha pendiente de resolución judicial, procedimiento el expreso desistimiento, y a cualquier futuro, salvo causas nuevas de conflicto sobrevenidas, fácticas y jurídicas (diferentes de las previamente instadas) con posterioridad al presente convenio y que no tengan origen en hechos anteriores a la celebración de este acto y negocio jurídico.

2º.- Cualquier cantidad adeudada a la empresa concesionaria por resolución judicial firme, previa a este convenio, será exigible sin computar el gasto financiero derivado desde el momento en que se dictó la resolución judicial hasta el 31 de diciembre de 2.2012.

Estas dos estipulaciones condicionan la eficacia jurídica del presente convenio y deben ser suficientemente acreditadas, sin cuyo requisito se tendrá por no celebrado el convenio, debiendo continuar con el procedimiento administrativo de referencia hasta la terminación por acto administrativo expreso o presunto, en los términos de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del procedimiento administrativo común (Ley 30/1992, de 26 de noviembre), en los plazos de tramitación de expediente ordinario a contar de la fecha en que se acredite el incumpliendo.

Décima.- El presente convenio se tramitará en la forma que corresponda a derecho, y tendrá validez desde su firma. Constituye una terminación convencional del procedimiento administrativo incoado al efecto.

Décima Primera.- Las partes acuerdan que las controversias que surjan de la interpretación del presente convenio, se decidan, en sede jurisdiccional, ante el juzgado de lo contencioso administrativo que corresponda de Santiago de Compostela. La fiscalización, y consecuente eficacia jurídica del mismo, quedará diferida a la tramitación

y/o aprobación definitiva de la correspondiente ordenanza fiscal, en los términos convenidos.

Cualquier incumplimiento de las estipulaciones, liberará a cualquiera de las partes convenientes para el cumplimiento de las obligaciones asumidas en este convenio y reflejadas en las estipulaciones, quedando el convenio sin efecto y expedita la vía administrativa y jurisdiccional, para la defensa de las pretensiones de cada cual.

El cumplimiento de las estipulaciones de este convenio, condicionan la eficacia jurídica del presente convenio y deben ser suficientemente acreditadas, sin cuyo requisito se tendrá por no celebrado el convenio, debiendo continuar con el procedimiento administrativo de referencia hasta la terminación por acto administrativo expreso o presunto, en los términos de la Ley del Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del procedimiento administrativo común (Ley 30/1992, de 26 de noviembre), en los plazos de tramitación de expediente ordinario a contar de la fecha en que se acredite el incumplimiento de cualquiera de ellas.

(...)

Estos documentos condicionan la eficacia jurídica del presente convenio, sin cuyo requisito se tendrá por no celebrado el convenio, debiendo continuar con el procedimiento administrativo de referencia hasta la terminación por acto administrativo expreso o presunto, en los términos de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del procedimiento administrativo común (Ley 30/1992, de 26 de noviembre), en los plazos de tramitación de expediente ordinario a contar de la fecha de verificación"

Sen prexuízo do que máis adiante se dirá na análise das concretas causas de nulidade invocadas convén salientar que o texto das bases demoran a súa eficacia á aprobación dunha serie de actos posteriores. Así:

"Se conviene que la forma de reposición del equilibrio económico de la concesión, sea mediante un acuerdo de imposición de una tasa por el servicio de depuración de aguas residuales, y simultánea ordenación de la misma a través de la correspondiente ordenanza fiscal, en los términos del artículo 19 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; El presente convenio se tramitará en la forma que corresponda a derecho; El incumplimiento de las estipulaciones de este convenio, y deben ser suficientemente acreditadas, sin cuyo requisito se tendrá por no celebrado el convenio; ou Est(os) documentos condicionan la eficacia jurídica del presente convenio, sin cuyo requisito se tendrá por no celebrado el convenio, debiendo continuar con el procedimiento administrativo de referencia hasta la terminación por acto administrativo expreso o presunto".

O concello de Rianxo na súa proposta de resolución parte de consideración de que o documento asinado, malia denominarse como "Bases" contén compromisos e declaracións que van máis aló dunha mera preparación dun acto posterior. Non obstante, e como xa adiantamos, este presuposto non pode ser compartido.

Do contido transcrito non pode deducirse que, coa sinatura das bases, o Concello asuma obrigas concretas coma a de aprobación dunha taxa, pois esta queda diferida a correspondente tramitación e aprobación polo procedemento legalmente establecido -tramitación que segundo recoñece o concello non se levou a cabo-, polo que este Consello Consultivo considera que non nos atopamos ante un acto administrativo que poida ser obxecto de revisión por medio do expediente que se tramita ao non ter o carácter de finalizador do procedemento.

En realidade entende este Consello Consultivo que nos atopamos diante dun acto preparatorio doutro posterior e definitivo ("El convenio se tramitará en la forma que corresponda a derecho") ou, cando menos, a súa eficacia xurídica queda demorada ao desenrolo de actos posteriores ("... eficacia jurídica del mismo quedará diferida a la tramitación y/o aprobación definitiva de la correspondiente ordenanza fiscal...") polo que non procedería, neste momento a súa revisión de oficio.

Malia que o alcalde intervén no convenio, en nome e representación do concello, e contrae compromisos no seu nome en relación cunhas competencias que son do Pleno, por estar á marxe das súas atribucións, supedita en todo momento a eficacia destas obrigas á súa fiscalización e aprobación ulterior polo procedemento legalmente establecido. Daquela, tan só cando se realizasen os trámites legais de aprobación da taxa en cuestión, (entre elas a súa fiscalización), e aprobación polo Pleno nas materias relativas ás competencias que lle corresponden, será cando o documento prevé que despegue a súa eficacia. Observase, xa que logo, que as bases do convenio, subscritas e asinadas polo alcalde, supeditan a súa eficacia xurídica e unha serie de actos posteriores, actos nos que poderán e deberán, se fora o caso, emendarse as deficiencias alegadas, ou manifestarse a imposibilidade da súa aprobación tal e como fai o concello na proposta.

Deste xeito, a xuízo deste Consello, o que en realidade se conformou foron efectivamente unas bases, compromisos ou proposta de convenio para a terminación convencional do conflito xurdido con ocasión da restauración do equilibrio económico do contrato, porén supeditado a unha serie de actuacións posteriores que deberían ser seguidas en debida forma.

As cuestións relativas a incompetencia ou omisión de trámites esenciais (especialmente as relativas a omisión de informes) terían neste intre unha transcendencia relativa, por canto quedando pendente de tramitación ulterior, quedarían eventualmente completadas ou emendadas nese momento.

Á luz do até de agora exposto, este Consello Consultivo entende que non é procedente revisar o acto que se pretende, pois este non sería unha resolución ou acto definitivo, nin un acto de trámite cualificado, no sentido de que decida directa ou indirectamente o fondo do asunto, ou determine a imposibilidade de continuar o procedemento de modo que non poida volver a tramitalo, ou produza indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, xa que a súa eficacia queda expresamente demorada a actuacións posteriores.

Así, da lectura do documento en cuestión non pode concluírse que nos atopemos diante de "actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa" (art. 102. LRXPAC), senón dunha actuacións que recoñece a existencia dun desequilibrio económico do contrato e a súa vontade de restituílo mediante unha taxa (unha das opcións previstas na lexislación de contratos públicos). Porén isto non suporía máis que unha asunción da obriga de restaurar o equilibrio económico, sen invadirse competencias doutros órganos xa que se remite a un momento ulterior e en debida forma á súa determinación.

Aínda admitindo esta circunstancia, que respondería en grande medida aos termos confusos, cando non contradictorios, en que están redactadas as cláusulas das bases, a de que algún dos compromisos poderían ir mais alá das estritas facultades que en materia de contratación correspondería alcalde, acudindo ás regras xerais de interpretación dos contratos e xurisprudencia que a desenvolve, -admitida a súa aplicación en materia contractual pública (por todas a sentenza do Tribunal Supremo do 15,02,2000)-, e da teoría do mantemento dos actos administrativos (artigo 64 LRXPAC) cabería ter por non postas as cláusulas contrarias ao orde de competencias establecido, xa que a base nuclear do acordo- o recoñecemento do equilibrio económico e o seu intento de solución- non se vería afectado. Isto loxicamente sen prexuízo das consecuencias que isto puidera levar consigo, como mais adiante se dirá. En definitiva, non se aprecian circunstancias de entidade tal (revisión por nulidade de pleno dereito) que impedirían continuar o compromiso de revisar, comprobar e, se for o caso, restaurar o equilibrio financeiro do contrato.

Se, como semella ser o caso, as obxeccións detectadas para aprobar a taxa impediran a eficacia do convenio, as propias bases prevén os supostos do incumprimento: "Cualquier incumplimiento de las estipulaciones, liberará a cualquiera de las partes convenientes para el cumplimiento de las obligaciones asumidas en este convenio y reflejadas en las estipulaciones, quedando el convenio sin efecto y expedita la vía administrativa y jurisdiccional, para la defensa de las pretensiones de cada cual"

En calquera caso, e aínda que esta previsión non se tivese recollido de xeito expreso, as consecuencias derivadas das imposibilidades -manifestadas polos servizos municipais- de levar a cabo os compromisos asumidos polo alcalde nas bases, determinaría que a tramitación convencional intentada fracasase, quedando expedita para as partes: ben un novo intento de terminación convencional; ben podendo calquera delas acudir á resolución da controversia sobre o equilibrio económico do contrato polas vías contempladas na lexislación de contratos aplicable; ben acudindo aos procedementos contenciosos en vía administrativa ou xudicial que consideren pertinentes.

Deste xeito, á vista do contido do referido documento, e de non poder levarse a cabo os compromisos condicionados aos que se refire, pois é evidente que a legalidade debe prevalecer sobre a declaración de vontade do rexedor municipal, o Concello, mediante resolución expresa, debería comunicar á empresa a imposibilidade de levar a efectos os termos pactados sobre a terminación convencional do procedemento.

A respecto da empresa concesionaria, quedaría expedita para ela a posibilidade de reclamar os eventuais danos causados, alén do restablecemento económico do contrato, aspecto este que xa ten recoñecido pola normativa que rexe a contratación pública, procedendo a súa reclamación.

Quinta.-

Sen prexuízo do até o de agora sinalado, cómpre analizar arestora as causas de nulidade invocadas polo Concello para anular o acto, que fense descansar nas letras e) e b) da LRXPAC, do artigo 62 da LRXPAC.

Así, en primeiro lugar, invocase a causa de nulidade prevista no artigo 62.1 e) da Lei 30/1992 en canto actos "ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados".

En concreto sinálase que o procedemento carece dos informes de Secretaria e Intervención municipal, trámites esixidos polas disposicións legais que se citan, e a insuficiencia dos informes técnicos que serviron de base para determinar o desequilibrio económico do contrato.

Tal e como se adiantou máis arriba, a revisión de oficio dos actos administrativos constitúe unha fórmula privilexiada e excepcional esta que só procederá nos supostos nos que o acto se atope viciado por algunha das causas de nulidade radical, total e absoluta.

O tipo legal exposto foi interpretado e desenvolvido pola doutrina e a xurisprudencia en relación coas vulneracións máis graves dos requisitos procedementais e formais, ou coa utilización dun procedemento distinto ao legalmente establecido (ditame do Consejo de Estado 3261/2003, do 4 de marzo de 2004, entre outros). Tamén a xurisprudencia refire este suposto de nulidade á "omisión global y flagrante del procedimiento actuando la Administración por la vía de hecho", en sentenzas do Tribunal Supremo do 16.03.1992 ou do 15.10.1991.

O precepto hai que referilo, xa que logo, á omisión de trámites absolutamente esenciais integrantes dun procedemento determinado, de xeito que calquera outra infracción de procedemento, aínda que sexa importante, non producirá este radical efecto, senón que só servirá para fundamentar unha pretensión anulatoria, ao establecer, como regra xeral a anulabilidade.

Pois ben, as deficiencias procedementais denunciadas non veñen sendo tradicionalmente entendidas como constitutivas de nulidade absoluta, senón de anulabilidade, considerándose así unha irregularidade non invalídante do procedemento, determinante de anulabilidade por mor do disposto no artigo 63.1 da LRPAC.

Neste sentido, e en relación coa ausencia de informes no procedemento, o noso Ditame CCG 1252/2008 ou os ditames do Consejo Consultivo da Comunidad de Madrid 574/2013, 373/2011 ou 239/09.

Se ben estase a falar dunha regra xeral que en todo caso haberá de ponderarse conforme ás circunstancias do caso concreto (ditame 245/2013 do Consejo Consultivo de Castilla-La Mancha), o certo é que no caso que nos ocupa, ante a necesaria e posterior tramitación esixida polas bases do convenio, en especial a aprobación da taxa, que polo seu contido económico sería inescusable o informe da intervención conforme do artigo 4 do Real decreto 1174/1987, permitiría completar estes defectos procedementais. O mesmo cabería apuntar a respecto da insuficiencia do informe técnico e canto a valoración do desequilibrio, pois a análise e informes emitidos con ocasión das bases porían de manifesto a súa insuficiencia, de resultar probada.

Por maior abastanza, e revisado o expediente, non pode compartirse o criterio de que as referidas bases fosen aprobadas coa omisión total e absolutamente do procedemento establecido, posto que ademais do informe técnico de cuantificación dos custos adicionais (23.12.2010) a Intervención municipal (25.04.2011) solicita aclaración sobre determinados aspectos dos criterios de valoración (en concreto que se indique se a valoración dos custos é sobre se refiren exclusivamente aos gastos adicionais de explotación da EDAR ou as custos totais dos gastos de explotación da instalación).

Por outra parte, o documento en cuestión (bases do convenio) foi tamén obxecto dun informe por un asesor xurídico (04.05.2011). É dicir, se ben se observan importantes deficiencias na tramitación do procedemento, non pode concluírse que se prescindira total e absolutamente deste, e as deficiencias alegadas non poden ser consideradas de entidade tal que permitan apreciar unha nulidade total e absoluta.

O mesmo Tribunal Supremo, sendo especialmente restritivo en canto ao motivo de nulidade referido ao vicio esencial de procedemento, resalta a necesidade de ponderar en cada caso as consecuencias producidas por tal omisión aos interesados e o que puidese variar o acto administrativo orixinario para o caso de terse observado o trámite omitido (entre outras, sentenzas do 17 de outubro de 1991 e 31 de maio de 2000).

Se ben é observable a irregularidade dos trámites denunciados, estes non son considerados a xuízo deste Consello Consultivo, de tal entidade que supoñan unha ausencia total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, senón de vicios de mera anulabilidade, amén no seu caso das eventuais responsabilidades que procedan, nun ou noutro sentido, nos termos antes expostos.

En conclusión, sendo incuestionable a infracción das normas de procedemento que a tramitación das bases do convenio presenta, esta circunstancia non abonda para facer viable a declaración de nulidade de pleno dereito propugnada, sen prexuízo de que poida dar lugar a súa anulabilidade.

Sexta.-

En canto a segunda das causas de nulidade invocadas, a relativa a incompetencia do alcalde para aprobar as bases sitúase, lóxicamente, dentro da órbita da causa recollida na letra b) da LXPAC "os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio". En particular, apúntase que se ben o alcalde ten competencias delegadas en materia de contratación, non así respecto da aprobación dunha ordenanza fiscal e dunha taxa, competencia indelegable do Pleno, que non tivo coñecemento ningún do compromiso acordado.

Novamente debemos acudir no exame desta causa de nulidade ao texto do documento asinado polo alcalde e pola empresa concesionaria do servizo. Nel obsérvase que en ningún momento se aproba disposición ou taxa ningunha, senón que a propia eficacia xurídica do convenio queda diferida até a súa aprobación "a través de la correspondiente ordenanza fiscal, en los términos del artículo 19 del Real Decreto Legislativo 2/2014, de 5 de marzo."

Deste xeito, se ben o compromiso poderá producir, de non levarse a cabo, as consecuencias que no seu caso se determinen, non pode considerarse como causa de nulidade de tal entidade que permita a súa anulación.

Tamén a xurisprudencia vén sendo constante ao esixir, para que se produza este suposto de nulidade de pleno dereito, que a incompetencia do órgano sexa manifesta. Iso esixe, como expresa a STS do 24.10.1986, que no acto acusado de nulidade absoluta a incompetencia do órgano resalte claramente, de maneira certa, a todas luces, sen dúbida ningunha, sen deducila de interpretacións efectuadas arredor doutras normas e sen acudir a elucubracións indirectas. No mesmo sentido poden citarse as sentenzas do 28 de marzo de 1987 e 31 de marzo de 1986.

Esta conclusión é ademais coherente coa doutrina do Consejo de Estado que vén considerando de xeito reiterado que un acto se dita por un "órgano manifestamente incompetente" cando ese órgano "invade de manera estimable y grave, las atribuciones que corresponden a otro". A nulidade de pleno dereito por incompetencia manifesta esixe, para ser apreciada, que sexa "notoria y clara, y que vaya acompañada de un nivel de gravedad jurídica proporcional a la gravedad de los efectos que comporte su declaración" (ditame 49.565). no mesmo sentido pronunciouse o Tribunal Supremo, considerando que a expresión "manifestamente incompetente" significa evidencia e rotundidade.

Por máis abastamento, e en canto a incompetencia do órgano no caso de competencias competentes, o Consejo Consultivo de Castilla-La Mancha, no seu ditame 444/2013 clarificou, con cita da doutrina do Tribunal Supremo, que:

"En general, la falta de competencia orgánica no suele calificarse de manifiesta a efectos de nulidad (dictamen del Consejo de Estado 43994/1982); siendo supuestos concretos de incompetencia no manifiesta: - la extralimitación relativa en la actuación de un órgano genéricamente competente para el acto producido" (Sentencia del Tribunal Supremo de 23 de diciembre de 1998 RJ 1998/10290) y - los casos en los que sobre una materia a la que se refiere el accto inciden competencias concurrentes de diversos órganos (la nulidad suele afectar a competencias exclusivas y excluyentes, no compartidas, pues en este último caso la intervención de otros órganos en la materia otorga ciertos caracteres de subsidiaridad y hace razonable que pueda existir algún tipo de confusión, lo que descarta las notas de claridad y evidencia en la supuesta incompetencia - Sentencia del Tribunal Supremo de 29 de enero de 1988- Rj 1985/519"

Polo tanto, aínda dándose no caso que nos ocupa un suposto de incompetencia material do alcalde para acordar uns compromisos económicos - sen competencias para iso- o seo dun procedemento contractual do que si ten as competencias delegadas, o certo é que aquela non pode configurarse como manifesta, debendo logo reconducirse

este vicio á categoría administrativa da anulabilidade, e non da nulidade como presuposto inescusable para a revisión de oficio.

É por todo iso polo que este Consello Consultivo de Galicia estima que non concorren causas que xustifiquen a pretendida acción de revisión de oficio por causa de nulidade ex artigo 102, en conexión co 62, da LRXPAC, (letra e) e b) do devandito precepto legal) senón, antes ben, a de revisión por causa de anulabilidade ex artigo 103 da mesma lei, con base na concorrencia de infraccións de legalidade ordinaria.

En sendo así, este Consello Consultivo non dispón de habilitación legal para ditaminar sobre o fondo das cuestións debatidas, de acordo co disposto no artigo 103 da LRXPAC, na súa actual redacción dada pola Lei 4/99, por canto, logo de apreciarse a posible lesividade do acto administrativo municipal, a resolución das cuestións debatidas debe derivarse polo Concello de Rianxo ao coñecemento da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En definitiva, e como se vén de expoñer, a nulidade absoluta, radical ou de pleno dereito constitúe o grao máximo de invalidez dos actos administrativos que contempla o ordenamento xurídico, reservándose para aqueles supostos nos que a legalidade se teña visto transgredida de maneira grave, de modo que unicamente pode ser declarada en situacións excepcionais que han de ser apreciadas con suma cautela e prudencia, sen que poida ser obxecto de interpretación extensiva.

CONCLUSIÓN

Por todo o anteriormente exposto, a Sección de Ditames do Consello Consultivo de Galicia, por unanimidade de todos os seus membros, ditamina:

"Que informa desfavorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire."

E para que así conste, para todos os efectos, estendo o presente certificado en Santiago de Compostela, a tres de setembro de dous mil quince.>>

O 18/11/2015 emítese un informe pola empresa que ten adxudicado o servizo de asesoría xurídica e postulacións ante as distintas xurisdicións, no que valora o ditame do Consello Consultivo e do que se transcriben as consideracións xurídicas:

.../...

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. Sen prexuízo das discrepancias que mantemos con determinadas afirmacións do Consello Consultivo de Galicia- en diante CCG- que – ao noso modesto xuízo- se deixa enlear nas ambigüidades e incoherencias que el mesmo lle apón ao famoso documento de maio/2011, o certo é que, por imperativo legal, é necesario o seu informe favorable para revisar de oficio e anular o acto discutido. De todos os xeitos, transcorrido o prazo máximo de tres meses que sinala o artigo 102.5 la LAP para a resolución expresa do expediente sen que esta se producise, procede declarar a caducidade do procedemento.

2. Consonte o CCG, as discutidas bases do convenio, redactadas nuns termos ambiguos e confusos, serían

“un acto preparatorio doutro posterior e definitivo”

ou alomenos

“a súa eficacia xurídica quedaría demorada ao desenvolvemento de actos posteriores”

para sinalar mási adiante que

“o que en realidade se conformou foron efectivamente unhas bases, compromisos ou proposta de convenio para a terminación convencional dun conflito... supeditado a unha serie de actuacións posteriores...”

Pero logo o CCG tamén afirma que estamos ante unha

“actuación que recoñece a existencia dun desequilibrio económico do contrato a súa vontade de restituílo mediante unha taxa...”

aínda que iso só suporía asumir a obrigaón de restaurar o equilibrio económico sen invadir competencias doutros órganos. Nese contexto considera quebrantamento

“Aínda admitindo esta circunstancia, que respondería en grande medida aos termos confusos, cando non contraditorios, en que están redactadas as cláusulas das bases, algúns dos compromisos poderían ir máis alá das estritas facultades que en materia de contratación lle corresponderían ao alcalde, cabería ter por non postas as cláusulas contrarias ao orde de competencias xa que a base nuclear do acordo -o recoñecemento do equilibrio financeiro e o seu intento de solución- non se vería afectado.”

Conclúe o CCG que.

“como é evidente que a legalidade debe prevalecer sobre a declaración de vontade do rexedor municipal...o Concello, mediante resolución expresa, debería comunicarlle á empresa a imposibilidade de levar a efectos os termos pactados sobre a terminación convencional do procedemento”

o CCG observa a seguir

“importantes deficiencias na tramitación do procedemento”

aínda que non pode concluír que se prescindira total e absolutamente deste para apreciar a existencia dunha nulidade absoluta. Posteriormente, tamén recoñece que concorren no caso

“un suposto de incompetencia material do alcalde para acordar uns compromisos económicos -sen competencias para iso- no seo dun procedemento contractual do que si ten competencias delegadas, pero o certo é que aquela non se pode configurar como manifesta”.

Remata coa apreciación de que non pode ditaminar sobre o fondo das cuestións debatidas

“de acordo co disposto no artigo 103 da LAP, por canto, logo de apreciarse a posible lesividade do acto administrativo municipal, a resolución das cuestións debatidas debe derivarse polo Concello de Rianxo ao coñecemento da orde xurisdiccional contencioso-administrativo”

3. Sen estendérmonos por agora nunha crítica detallada do antedito ditame -que, en calquera caso, expoñeremos co máximo dos respectos para esa Institución-, parece evidente que aquel mestura de maneira pouco ortodoxa os conceptos de valides e eficacia do negocio xurídico, fala de acto non definitivo pero asume acriticamente como recoñecida polo alcalde unha situación de desequilibrio económico da concesión -cando a Intervención municipal alertaba fundada e razoadamente da imposibilidade de verificala- e, finalmente,

esquece, que -de aceptar a lina argumental do ditame- o alcalde estaría a recoñecer unha importante obrigación económica contra a facenda pública municipal sen o inescusable soporte financeiro e orzamentario porque o Pleno da Corporación non dotara a correspondente aplicación orzamentaria para financiarla nin o ingreso público ou taxa que a nutriría. Todo iso ten unha significación xurídica inequívoca que é a nulidade de pleno dereito daquel presunto recoñecemento obrigacional de conformidade cos artigos 173.5 da Lei reguladora das facendas locais (Rdlex. 2/2004, do 5 de marzo) e 46 da Lei xeral orzamentaria (Lei 47/2003, do 26 de novembro).

En relación co anterior, parécenos artificioso diferenciar -no contexto do documento discutido- entre a obrigación recoñecida polo alcalde derivada do presunto desequilibrio económico e a imposición da taxa para financiarlo porque na realidade esa dúas operacións aparecen inescindiblemente vinculadas na vontade dos intervinientes. E se o alcalde non podía ter competencias en materia de imposición tributaria tampouco se lle poden admitir para recoñecer unha obrigación que se financiara por medio dun hipotético tributo futuro.

Ao final, o razoamento do ditame pode levar a unha conclusión inqueda porque de, aceptar o recoñecemento obrigacional realizado irregularmente polo alcalde, o Concello estaría probablemente compelido a indemnizar á empresa concesionaria aínda que non admita o establecemento do novo tributo, en virtude da aplicación da doutrina do enriquecemento inxusto ou sen causa.

Réstanos por precisar que nesta altura é inviable a saída alternativa que apunta o CCG de derivar o conflito a un proceso xurisdiccional promovido polo Concello, trala declaración de lesividade do documento discutido, porque transcorreron máis de catro anos desde que se asinou o documento discutido.

CONCLUSIÓNS

Polo exposto, ao noso modesto xuízo, procede que o Pleno da Corporación resolva:

Primeiro. Declarar a caducidade do expediente iniciado para a revisión de oficio das “Bases do convenio para a reposición do equilibrio financeiro da concesión do servizo de auga e saneamento do Concello de Rianxo” por ter transcorrido o prazo máximo de tres meses que prevé o artigo 102.5 da LAP sen que se dictase resolución expresa.

Segundo. Considerar que no expediente das anteditas “Bases de convenio” non se xustificou a existencia do desequilibrio económico reclamado por Aquagest e que non procede o establecemento da taxa de saneamento á que se refiren as anteditas bases.

Dado que, de acordo cos distintos informes da Secretaría e da Intervención municipais, así como da asesoría xurídica externa, quedou patente a non xustificación da existencia dunha ruptura do equilibrio económico da concesión, non procede o seu recoñecemento a favor da concesionaria.

En canto ao procedemento de revisión de oficio, de acordo co artigo 102.5 LRXPAC procede a declaración da súa caducidade: “Cando o procedemento se iniciara de oficio, o transcurso do prazo de tres meses desde o seu inicio sen ditarse resolución producirá a caducidade do mesmo.”

Polo exposto, esta Alcaldía somete en tempo e forma ao pleno corporativo, como órgano competente para resolver este expediente, a seguinte proposta de **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade do expediente iniciado para a revisión de oficio das “Bases do convenio para a reposición do equilibrio financeiro da concesión do servizo de

auga e saneamento do Concello de Rianxo” por ter transcorrido o prazo máximo de tres meses que prevé o artigo 102.5 da LRXPAC sen que se ditase resolución expresa.

SEGUNDO.- Considerar que no expediente das anteditas “Bases do convenio para a reposición do equilibrio financeiro da concesión do servizo de auga e saneamento do Concello de Rianxo” non se xustificou a existencia do desequilibrio económico reclamado por Aquagest (agora Viaqua) e, polo tanto, non procede recoñecerlle ningún dereito por ese concepto.

TERCEIRO.- Comunicar este acordo ao Consello Consultivo de Galicia ao abeiro do artigo 45 do Regulamento de Organización e funcionamento aprobado por Decreto 91/2015.>>

Polo Sr. Alcalde, explícase que este tema leva pesando no equipo de goberno dende practicamente do 9 de maio de 2011, uns días antes da anterior lexislatura, onde se dictou unha revisión de oficio dun convenio para reposición do equilibrio económico da concesión do servizo de auga e saneamento do concello de Rianxo, asinado con Aquagest. Dí que ese informe basicamente condenaba ao concello a poñer unha taxa ou establecer un pago por parte do concello a concesionaria. Dende o primeiro momento buscouse de que ese castigo para os veciños e o concello para poder resarcilo. Ao longo destes catro anos houbo intentos de anular esa relación con Viaqua, baseándonos en varias propostas, intentando rescindir o acordo. Tívoise unha contestación final por escrito e practicamente no mes de marzo de 2013, e non houbo máis remedio que abrir un expediente administrativo arredor do 17 de marzo de 2015, para revisar ese convenio asinado no 9 de maio de 2011. Sinala que a providencia para revisar de oficio baseábase tamén nos informes de intervención municipal que cuestionaban que tívesemos que pagar calquera cantidade a Viaqua e dalgunha maneira conduciu a que no último pleno de marzo de 2015, se incoase un expediente de revisión de oficio. Como era preceptiva esa revisión de oficio, trasladouse o dictame preceptivo o Consello Consultivo e agardouse a que o referido Consello que tardou varios meses en realizar o informe e que finalmente foi remitido no mes de setembro.

Dí que este goberno entendía que de aceptar o resultado do Consello Consultivo que non foi favorable aos intereses do Concello de revisar de oficio o documento e que non podíamos adoptar ese acordo, pero dentro do contido daba pistas para non aceptar o documento, ao mesmo tempo que as interventoras que ao longo destes 4 anos estiveron no procedemento, entendemos que non procede aceptar ese desequilibrio económico e polo tanto declarar nulo a caducidade do acordo, e a caducidade do expediente que se abriu para non aprobar o desequilibrio e en segundo lugar que non procede pagar reclamación algunha xa que non xustificamos a existencia de ningún tipo de desequilibrio económico con Aquagest, non procedendo polo tanto establecer ningunha taxa de saneamento a costa dos veciños nin dun pago directo do Concello a esas bases.

Engade que o que se trae hoxe a votación e declarar a nulidade do procedemento do punto 1 para basicamente para non dar por válido o acordo do Consello Consultivo e en segundo lugar non aceptar as bases asinadas en maio de 2011, nin entenden que haxa que darlle a concesión do desequilibrio económico reclamado por Aquagest agora Viaqua e non recoñecerlle algún dereito por este concepto.

Polo tanto, agárdanos un proceso xudicial xa que tampouco a empresa aceptou a consideración de rescindir e marchar antes do remate do contrato, tal como manifestou por escrito o día 24 de abril.

Por último dí que o acordo sería declarar a caducidade para non dar por válido o acordo do Consello Consultivo en varias das súas partes e en segundo lugar non recoñecerlle a Viaqua nin a taxa nin a existencia de desequilibrio.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE URBANISMO, ÁREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS-SERVIZOS MUNICIPAIS, do día 23/11/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antón Castro** Dí que o seu grupo xa maniestou na Comisión Informativa que se desmarcaban do modo de facer as cousas en relación ao expediente de abastecemento de auga, fundamentalmente porque non estenden nada no proceso deste expediente e non queren pensar en que haxa ningún tipo de manobra oculta, polo tanto vanse manter ao marxe neste tema.

Indica que o anterior alcalde Pedro Piñeiro, o último que debeu facer foi deixar o concello empantanado con esta concesión da xestión de auga. Dí que a pesar disto o goberno entrante mantivo mesma postura e non indo contra as bases do ano 2011, que son cando menos estrañas, e nun informe que facilitan dín que resultan inexplicables. Para este grupo municipal, resultan o mesmo de estrañas agora que fai catro anos. Tamén no informe dí que agora non se pode ir a un Contencioso porque xa pasaron máis de 4 anos. Indica que tamén pode levar a equívocos o que hoxe se trae aquí ao Pleno para votación. Non estamos votando ningunha taxas, senón que o dictame que se lle pedíu ao Consello Consultivo sobre aquelas bases non foi favorable, e como non queremos que se use, resolvemos que está caducado. Sinala que está caducado, e foi porque se deixou caducar e non é un modo de proceder dunha administración pública. Solicitouse un dictame ao Consello Consultivo e éste dictou contra o Concello e agora hai que resolver.

Indica que xa é hora de resolver e non seguir envolvendo o tema e non lle cabe dúbida de que se poida levar a diante xa que non se pode favorecer a empresas cos veciños. Dí que o que expuxo o Sr. Alcalde segue na mesma liña, polo que se van a abser e que no ano 2016 a xestión da auga reverta no Concello.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, di Dí que despois de ver os informes dos diferentes técnicos do Concello e que non resulta probado que exista un desequilibrio económico na totalidade da concesión amosan a súa conformidade ca proposta presentada.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di Dí que o seu grupo coincide ca postura do grupo de Rianxo en Común, xa que sinceramente este expediente fíxose con pouca transparencia. Discuten que neste momento estea ou non caducado, polas razóns que poidan levarlo a caducar, xa que probablemente foi buscado polo Concello. Indica que durante os catro últimos anos xa llo indicaron e que estiveron negociando de costas aos veciños e ao Pleno da corporación, xa que non souberon en que consistiron as negociacións. Dí que entende a actuación do Sr. Alcalde xa que durante os últimos catro anos estivo gobernando co grupo de goberno responsable dese documento. Non culpan ao Sr. Alcalde da sinatura dese documento, pero xa tiña que ter resolto este tema. Indica que agora xa non se resolve, senón que é o inicio dun pleito contra a corporación. A xestión deste asunto non convence ao grupo seu grupo municipal e non entran noutras valoracións. Dí que hai moitas cousas sen aclarar como as contraprestacións se ás houbo e a tardanza neste procedemento.

Polo exposto e dado que o Sr. Alcalde tampouco comparteu cos grupos municipais o proceso ata chegar aquí. Entenden que o grupo municipal socialista apoie a proposta xa

que ten unha responsabilidade grande na medida que era o partido que gobernaba Rianxo cando se suscribiu o documento. Anuncia a abstención do seu grupo.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, dí Dí que o seu grupo vai apoiar a proposta xa que estivo dende o primeiro momento intentando non poñer esa taxa aos veciños, e non chegar a xuízo para que no caso de que gañe a empresa ter que abonar ademais as costas e asumir o desequilibrio. Indican que unha vez que non se chegou a un acordo, agora están dispostos a facer o que sexa preciso para evitar o pretendido pola empresa.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e dí que hai moitas alusións ao oscurantismo neste tema e evidentemente nada máis lonxe deso, xa que a oscuridade sería de que no momento de chegar a alcaldía, derán por válido o acordo baixo uns informes determinados do persoal que por aquel entón facía os labores de administración e a pesar de que non nos gustara se aplicara unha taxa e ningún se enteraba da situación. Este grupo de goberno nunca dou por válido o acordo asinado en maio de 2011 e intentaron buscar todos os apoios necesarios para anular o referido acordo. Dí que foron uns informes de intervención os fundamentais para que non se da por válido o acordo asinado polo anterior alcalde. Dí que non houbo ningunha manobra que a resolución como agora se ve polo informe do Consello Consultivo é moi difícil anular e que leva a un escenario de confrontación xudicial coa empresa, onde se pode gañar, pero tamén perder, non moi diferente de hai catro anos; xa que ou ben se poñía a taxa, se facía o pago directo ou promover o que se fixo agora de ir a xuízo ca empresa. Sinala que hai bastante historial de pleitos ca empresa e uns gáñanse e outros pérdense, pero sempre é doado tomar esas decisións. O grupo de goberno dende o primeiro momento non aceptou este desequilibrio. Incide en que está dentro do contrato e é partidario de cumprir os contratos, xa que de non cumprilos sempre se convirte nun pago para o Concello. Que sempre tiveron a vontade de negociar e buscar un acordo coa empresa para no sentido de que eles perdonaban os pagos e nos recuperábase a concesión, que é o horizonte de máis dun grupo dos que hoxe formar parte do goberno, de que a concesión pase ás mans pública. Engade a pesar de todos os intentos, non foi posible ese acodo, como fixo constar por escrito a empresa.

Por último dí que hoxe o que se vota é que non se está de acordo en pagar ese desequilibrio a empresa Aquagest, asinado no mes de maio de 2011. O grupo de goberno vai intentar gañar o xuízo contra a empresa e agardar a que no vindeiro ano 2016 cando se finalice o contrato se gestione a concesión da mellor maneira para os veciños.

Insiste que o grupo de goberno nin aplicou a taxa a todos os veciños, nin se lle pagou a cantidade algunha polo desequilibrio a empresa, nin se lle prorrogou a concesión, só se intentou coas negociacións de que a empresa se marchara e recuperar a concesión, pero non se pudo levar a cabo. Dí que as cantidades eran moi importantes por eso se tratou de negociar ca empresa, xa que se tratata de 188.000 € cada ano, máis algunha outra sentenza anterior.

Dí que o único que se vai votar hoxe é se se está de acordo con que se pague o desequilibrio económico, polo tanto o grupo de goberno vai apoiar as medidas que se propoñen e da lectura ao punto que se somete a votación.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 9 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE), ceros votos en contra e seis abstencións (4 dos membros do grupo PP e 2 dos membros do grupo SON) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

7.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

10.1.- MOCION QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE RIANXO PARA SOLICITAR TRANSPORTE ESCOLAR TAMÉN PARA O ALUMNADO QUE VIVE NO RURAL E CURSE ENSINANZAS NON OBRIGATORIAS NOS SEUS INSTITUTOS DE REFERENCIA.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do PSOE M^a Carmen Figueira Ares xustifica a urxencia, dicindo que lles parece que é un dereito que a xente que viva no rural ten dereito a asistir a ensinanza do bacharelato, aínda que non sexa obrigatoria.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada por unanimidade dos 15 membros presente** dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

M^a Carmen Figueira Ares, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nestes primeiros meses dende o inicio do curso escolar 2015/16 estamos coñecendo moitos casos de conflitos relacionados co transporte escolar sobre todo en zonas rurais de Galicia. Moitos destes casos xorden cando se lles nega ós rapaces e rapazas que cursan ensinanzas non obrigatorias de Bacharelato e Ciclos de Formación Profesional o uso do transporte escolar.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria baséase no Decreto 203/1986 do 12 de xuño para regular, entre outras cousas, o acceso ao servizo de transporte escolar ó alumnado de bacharelato e ciclos medios e superiores de FP. Deberían darse conta de que a norma na que se basean xa vai a cumprir 30 anos e que se deberían adoptar as medidas necesarias para garantir que os nosos rapaces e rapazas poidan seguir estudando, e para iso o servizo de transporte escolar é absolutamente clave para fomentar e garantir a continuidade dos estudos e así contribuír a reducir o abandono escolar.

Dende o grupo parlamentario socialista no Parlamento de Galicia levan mostrado, con preguntas parlamentarias e nas intervencións en plenos e comisións, o seu interese e preocupación por como se está a tratar á cidadanía neste tema tan delicado como é a educación pública, que debe ser de calidade e tendo en conta particularidades, como pode ser o lugar onde viven que lles pode dificultar o acceso o ensino en igualdade de condicións. As administracións teñen que estar ao lado da cidadanía para garantir que, vivan onde vivan, os estudantes van ter garantida a posibilidade de seguir estudando. Neste caso non lles importa que sexan persoas que viven no rural e que non contan con outro transporte alternativo para acudir á clase.

O grupo municipal socialista de Rianxo reivindica que as familias do rural e os seus fillos e fillas poidan ter as mesmas oportunidades para seguir estudando que as familias que viven nas cidades, e para iso o servizo de transporte escolar debe xogar un papel esencial, xa que en moitos lugares da nosa Galicia interior non existe por desgraza outro medio alternativo de transporte para garantir ese dereito á educación no ensino non obrigatorio de bacharelato e formación profesional da xente moza.

Hai algunhas comunidades autónomas que xa contemplan a necesidade de contar con este servizo, que contribúe á igualdade entre a cidadanía sen importar o lugar onde se viva.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Rianxo somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar os seguintes ACORDOS:

1/ Esixir á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que estenda o dereito a ter transporte escolar tamén ó alumnado das ensinanzas non obrigatorias de bacharelato e formación profesional, sobre todo nas zonas rurais, xa que ás veces é o único medio que fai posible que podan asistir á clase.>>

O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o seu grupo vai apoiar a moción, aínda que pensan que é un regulamento moi antigo e esto non sería cuestión dunha moción, senón de que se resolvera por outros medios. Indica que se fala do ano 86, cando a ensinanza non obrigatoria só se daba nalgúns cidades grandes, e para

poder facela os outros tíñanse que trasladar a vivir fora do seu concello, xa que non había transporte. Agora implantaron unhas becas para acceder a ese estudio, pero que o transporte para acceder ás mesmas segue sen habelo en moitos dos lugares, polo que van a apoiar esta moción.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que o seu grupo entende que o debate sobre este tema é máis amplo e que ten que producirse no marco da comunidade autónoma, tendo en conta que moitos veciños viven en hábitat dispersos e non teñen máis medios de comunicación que os transportes escolares. Polo tanto debe terse en consideración esta solicitude e o seu grupo apoia a moción presentada.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo tamén está de acordo cos demais grupos, xa que o que se debería tratar é a obrigatoriedade da ensinanza do bacharelato e formación profesional, para que se poidera incluír o transporte escolar como unha maneira de achegar aos institutos os estudantes igual que na educación primaria. Indica que o seu grupo váina apoiar, xa que están a favor da ensinanza pública gratuíta e universal e que a xente do rural teña as mesmas posibilidades que o resto dos nenos. Debería pensar en que o bacharelato fose obrigatorio e dotar de becas necesarias aos rapaces que tiveran que desplazarse para poder facelo por carecer de transporte público. Engade que o bacharelato e a formación profesional debería estar incluída na ensinanza obrigatoria ata os 18 anos.

Rematado o debate, sométese a moción recollida a VOTACIÓN, sendo aprobada por unanimidade, cos votos a favor do total dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

10.2.- MOCION DO PSOE: PARA INSTAR AOS GOBERNOS DE ESPAÑA E DA XUNTA DE GALICIA A INCLUIR A VACINA CONTRA A MENINXITE-B NO CALENDARIO VACINAL.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do PSOE M^a Carmen Figueira Ares xustifica a urxencia dicindo que é debido ao que está acontecendo na actualidade por non estar recollida no calendario vacinal.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

M^a Carmen Figueira Ares, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española, no artigo 43 de protección da saúde, no seu punto primeiro recoñécelle aos cidadáns españois o dereito á protección da saúde e no segundo, establece que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

O Convenio sobre os Dereitos do Neno, aprobado pola ONU e ratificado por España, establece no artigo 6, que os Estados asinantes recoñecen que tódolos nenos teñen dereito intrínseco á vida e garantirán na máxima medida posible a supervivencia e o desenvolvemento do neno.

Temos que recordarlle aos poderes públicos os deberes de protección que teñen coa cidadanía e en especial na protección da saúde e a prevención da enfermidade. Un xeito de velar pola nosa saúde é contar con un calendario vacinal que, de xeito universal e gratuíto, nos protexa de doenzas que poidan poñer en risco a nosa saúde e incluso a vida, como se está a ver en casos recentes. Neste ano, pola meninxite B xa morreron dous veciños de Arteixo e outro en Boiro. Tamén se están a dar

casos de mortes por tos ferina de bebés de menos de dous meses que é a idade cando está sinalada a primeira dosis da vacina .

Demandamos das autoridades competentes que o calendario vacinal sexa o máis completo e cos prazos o máis axustados posible para tratar de evitar que continuen a darse estes casos graves.

Conscientes de que a Xunta de Galicia non é quen de modificar unilateralmente o calendario vacinal, propoñemos, para aprobar polo pleno municipal, os seguintes **ACORDOS**:

- Instar ao Goberno de España para que curse orde ao Ministerio de Sanidade para que a vacina da Meninxite B, sexa incluída de xeito inmediato no calendario vacinal.
- Instar á Xunta de Galicia para que, no caso de que o Ministerio de Sanidade non acepte a inclusión inmediata da vacina contra a Meninxite B, instaure unha nova experiencia piloto coa implantación da vacina da Meninxite B.>>

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, dí que o seu grupo vai apoiar a moción, aínda que pensa que cando se está adoptando este tipo de medidas, non sexa para favorecer a alguén, no senso de subministrar millóns de dosis dunha vacina para solventar dúas mortes. Tamén pensa que nunha sociedade desenvolvida ninguén debería morrer por enfermidades evitables, e debería tratar de chegar por outras vías para a prevención.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que o seu grupo non vai apoiar a moción, tal como se presentou. Dí que a apoiarían se se modificase no sentido non de dispoñer que inmediatamente se dispense, senón que se faga en función das novas evidencias médicas dispoñibles. Expón que é certo que hai uns meses a maior parte dos grupos políticos pedían a venda libe nas farmacias da vacina da meninxite B, feito a día de hoxe que se está dando dende o mes de outubro, agora pídesse que se inclúa no calendario vacinal nacional. Hai que lembrar que en abril de 2015 o Parlamento de Galicia adoptou por unanimidade unha proposición non de Lei para que se adopten as medidas oportunas para incluír no calendario vacinal obrigatorio a vacina contra a meninxite tipo B. Neste senso ínstase ao Ministerio de Sanidade para que en función das novas evidencias científicas dispoñibles inclúa a vacina dipoñible contra a meninxite B no calendario vacinal. Que mentres esto non ocorra que se habiliten as farmacia galegas para que dispensen esta vacina como ocorre practicamente nas farmacias de todo Europa e que se informe á poboación destas medidas para evitar o perigrinaxe a que se estaba producindo a Portugal para adquirir a referida vacina.

Sinala que entenden que é unha cuestión técnica e que a día de hoxe a evidencia científica non se dá e fálase da reivindicación dende pediatría, pero non se cita que os epidemiólogos e especialistas en saúde pública, a opinión non concordan nalgúns casos coa dos representantes dos pediatras. Dí que aclara ésto xa que desta maneira pódese estar beneficiando a un laboratorio en concreto, xa que o que se está pedindo é unha vacina cun nome comercial concreto que está comercializada por un laboratorio un laboratorio específico. Cita algúns países nos que está autorizada a venda e nos que está recomendada a súa aplicación. Tamén dí que en Francia non está incluída e que ten unhas taxas de enfermidade comúns con España, segue enumerando os distintos países nos que está autorizada. Indica que nos Estados Unidos está prohibida a administración ao igual que outra vacina a menores de 10 anos.

Indica que existe unha falta de consenso e criterios comúns en canto a súa dispensación. Entenden a preocupación dos pais pola saúde dos fillos e recorda que foi o PP o que instou a venda nas famacias, pero tamén hai que lembrar que o acordo referíase a que se incluíra no calendaro en funciñ das novas evidencias científicas dispoñibles.

Sinala que a inclusión no calendario vacinal, non se acorda no marco da comunidade autónoma, senón a nivel nacional.

Engade que o seu grupo está de acordo en que se inste a que se negocie a través do marco do Ministerio de Sanidade, e sempre en bases científicas, non en función da alarma que se poda producir pola xeración de casos concretos. Dí que si se introduce na moción que sexa segundo as evidencias científicas non de xeito inmediato o seu grupo apoia a moción.

A voceira do grupo do PSOE, **M^a Carmen Figueira Ares**, dí que esta moción é o sentir dos veciños, para que se teña un calendario vacinal gratuito que conte con tódalas vacinas necesarias, xa que as vacinas existen e prevenen de enfermidades.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo apoia a moción, sempre e cando os científicos e o criterio médico que son os que teñen que prevalecer, estimen que é necesaria. Dí que hai que ter coidado co xogo das farmacéuticas neste ámbito. Indica que as vacinas están para previr as enfermidades e que deben estar incluídas no calendario sempre e cando estean avaladas científicamente.

Toma a palabra o Sr. alcalde e dí que se a proposta que fai o grupo do PP sería en vez de que se inclúa de xeito inmediato, que se considere en funcións das evidencias científicas no calendario.

Intervén a voceira do PSOE M^a Carmen Figueira para amosar a conformidade do seu grupo á dita modificación.

Polo Sr. Alcalde indícase que nese caso a proposta que se somete a votación é que se inclúa no calendario vacinal segundo as evidencias científicas, en vez de poñer de xeito inmediato.

Indica que neste tema tamén hai as opinións dos pais, que teñen que costear a súa administración e que son doses caras.

Sométese a votación a seguinte Moción:

“A Constitución Española, no artigo 43 de protección da saúde, no seu punto primeiro recoñécelle aos cidadáns españois o dereito á protección da saúde e no segundo, establece que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios.

O Convenio sobre os Dereitos do Neno, aprobado pola ONU e ratificado por España, establece no artigo 6, que os Estados asinantes recoñecen que tódolos nenos teñen dereito intrínseco á vida e garantirán na máxima medida posible a supervivencia e o desenvolvemento do neno.

Temos que recordarlle aos poderes públicos os deberes de protección que teñen coa cidadanía e en especial na protección da saúde e a prevención da enfermidade. Un xeito de velar pola nosa saúde é contar con un calendario vacinal que, de xeito universal e gratuito, nos protexa de doenzas que poidan poñer en risco a nosa saúde e incluso a vida, como se está a ver en casos recentes. Neste ano, pola meninxite B xa morreron dous veciños de Arteixo e outro en Boiro. Tamén se están a dar casos de mortes por tos ferina de bebés de menos de dous meses que é a idade cando está sinalada a primeira dosis da vacina .

Demandamos das autoridades competentes que o calendario vacinal sexa o máis completo e cos prazos o máis axustados posible para tratar de evitar que continuen a darse estes casos graves.

Conscientes de que a Xunta de Galicia non é quen de modificar unilateralmente o calendario vacinal, propoñemos, para aprobar polo pleno municipal, os seguintes **ACORDOS**:

- Instar ao Goberno de España para que curse orde ao Ministerio de Sanidade para que a vacina da Meninxite B, sexa incluída no calendario vacinal segundo as evidencias científicas.
- Instar á Xunta de Galicia para que, no caso de que o Ministerio de Sanidade non acepte a inclusión inmediata da vacina contra a Meninxite B, instaure unha nova experiencia piloto coa implantación da vacina da Meninxite B”

Rematado o debate, sométese a moción ca modificación recollida a VOTACIÓN, sendo aprobada por unanimidade, cos votos a favor do total dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

10.3.- MOCION DE STOP DESAFIUZAMENTOS BARBANZA

O Alcalde que van presentar unha Moción da Plataforma Stop Desfuzamentos e se hai algún grupo que a queira defender ou se fai como inclusiva.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Alcalde indica que esta moción precisará da adopción de acordos en materia de desfuzamentos que implicarían medidas a nivel local.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

O Alcalde, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende o ano 2007 ata xuño de 2014 executáronse en todo o Estado Español máis de 570.000 desfuzamentos, segundo datos aportados polo Consejo General del Poder Judicial (CGPJ) ao remate do 21 trimestre de 2014. Este mesmo organismo poñía así mesmo que as execucións hipotecarias, lonxe de diminuír continuaban aumentando. De feito, está como exemplo o acontecido ao longo de 2014 na provincia de A Coruña, na cal se executaron 1.408 procedementos, sendo 750 vivendas (datos do INE). Un problema grave ao que por desgraza tampouco é allea a nosa bisbarra, que rexistra nestes momentos dúcias de casos, alén dos moitos que xa se levan sucedendo desde hai ano.

Deste Stop-Desfuzamentos Barbanza constatamos que a exclusión social medra, a crise económica non remite o o crecemento anunciado polo Goberno de España queda, alomenos por agora, en parámetros macroeconómico, polo que resulta fácil deducir que a medio prazo continuaremos sufrindo desaloxos entre os nosos veciños toda vez que, ademais, as modificacións legais que se levaron a cabo distan moito aínda de protexer realmente un dereito tan fundamental como é o da vivenda.

Tamén temos constatado que a autoorganización cidadán, como é o caso da nosa Plataforma, ten resolto determinadas situacións difíciles para moitas familias, pero cremos que os poderes públicos e a Administración, a Administración Local tamén poden actuar desde as súas competencias, concretamente as atribuídas nos Arts. 25.d) e 28) da LBRL.

Pensamos pois, que os Concellos deben implicarse neste dramático asunto, fundamentalmente na liña dos seguintes parámetros:

- Intervención dos concellos na dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantizando o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoal dependentes.
- Establecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.
- Contemplar moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.
- Implicación dos gobernos municipais na posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.
- Habilitar un Fondo social para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.
- Creación dunha Bolsa Municipal de Vivenda Social, esixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.
- Solicitar das entidades bancarias información sobre posibles desfuzamentos que afecten a familias dos concellos da comarca, a paralización dos que xa estean en marcha e da súa colaboración dos Comités de Inclusión Social e Oficinas Municipais.

- No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posible e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que éstas entidades poidan prestar aos Concellos, incluso cancelando contas de depósito se fora necesario.

Diante desta situación e polo exposto anteriormente, a Plataforma Stop-Desfuzamentos de Barbanza propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º.- Creación de Comités de Inclusión Social integrados polos servizos sociais dos Concellos, plataformas de afectados, organizacións sociais, partidos con representación municipal e axentes sociais. Desde éstos Comités atenderíanse os casos de desfuzamentos, e o seu funcionamento orientarase á posibilidade de axudar a familiar que corran o risco de quedar sin a vivenda debido a unha execución hipotecaria.

2º.- Creación de oficinas municipais exclusivamente dedicadas a asesorar, estudar e resolver os desfuzamentos. En colaboración con estas oficinas traballarían os Comités de Inclusión.

3º.- Creación dun Banco Solidario de Vivendas. Un listado de vivendas baleiras que os propietarios poderán inscribir para poñelas en circulación cun aluguer social. O Concello intermediará para buscar un fogar a familias previamente desfuzadas, baixo un prezo solidario e carente de ánimo de lucro ou incluso, segundo os casos, gratuito para os/as/ afectados/as. Estas vivendas veríanse exentas do pago do IBI.

4º.- Creación dun Fondo Social Especial, orientado a axudas para poder pagar os alugueres, luz, auga, alimentos, etc. daquelas familias con dificultades para pagar a hipoteca ou o aluguer.

5º.- O Concello non traballará con entidades financeiras que executan desfuzamentos retirando se fora o caso, os fondos de depósito que teña nelas.

6º.- O Concello prohibirá á Policía Local executar desaloxos.

7º.- O Concello subirá un 100% os impostos por caixeiros automáticos, e o IBI dos inmobles propiedade das entidades bancarias no termo municipal a aquelas entidades que executen hipotecas. Esta medida retiraríase no caso de que as vivendas se realuguen cunha cota social ás familias con dificultades para cubrir as necesidades básicas.

8º.- O Concello insta á Xunta de Galicia a prohibir os cortes de suministros básicos como auga, luz e gas.>>

Polo Sr. Alcalde aclárase que hai algúns puntos do acordo que precisan un informe dos servizos sociais ou recadación por implicar unha serie de medidas contravindo algunha lexislación municipal. En todo caso adoptaranse os acordos que sexan viables para o Concello, xa que algúns son complicados no marco actual legal, aínda que a maior parte vai en boa liña.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, dí que o seu grupo é sensible a toda a problemática que se xera en torno aos problemas da vivenda, valoran o traballo que fai a referida plataforma e tamén o traballo que están facendo na Barbanza e sobre todo que presenten este tipo de iniciativas.

Indica que non comparten na súa literalidade todos os acordos que piden polo menos para Rianxo. Ven excesivo que en Rianxo se cree unha oficina municipal dedicada exclusivamente a asesorar este tipo de casos, xa que pode ser un gasto excesivo. Quiza podería facerse doutro xeito. En canto ao banco solidario de vivendas non ve moi claro que sexa o Concello o que teña que dispoñer ésto. No referente creación dun fondo social especial, pensa que xa hai algúns cartos para esto e que se podería incrementar dentro das posibilidades existentes. Están de acordo en que o Concello non traballe cas Entidades Financeiras implicadas nos desfuzamentos e que o se prohiba a policía local facer os desaloxos e tamén prohibir os cortes dos submnistros básicos.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, dí que están de acordo en que se axuden aos afectados na situación tan dramática da perda da vivenda..

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que o seu grupo comparte a idea de que o consello se implique na axuda destes colectivos en risco de

exclusión que están a piques de perder a vivenda por non poder pagala e entenden e comparten o sentido da moción, pero non poden apoiar todo o que nela se solicita. Indica que lles parece que algun deles é excesivo coma o da creación dunha oficina dedicada exclusivamente para este fin. En canto á creación do banco tampouco coñecen as capacidades que pode ter o concello para poder crealo. Coordinar ou dar información pode ser. No referente ao fondo social, xa hai un que se está dedicando a esto, pero que hai que mirar ben os outros puntos para non incorrer en ilegalidades.

Engade que o seu grupo vai apoiar todos os puntos que sexan legais e estean en máns do Concello o poder executalos.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo vai na mesma liña ca o resto dos partidos, xa que moitas das medidas que dín aquí xa se fixeron con algún tema en concreto. Intentarán que todos estes puntos se estudien dende unha Comisión de Servizos Sociais e que se intentará axudar as familias que estean nunha situación crítica.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e dí que sería aprobar a exposición de motivos e máis que un acordo que diga que dalgunha maneira se avalaría no seo por unha comisión de servizos sociais os acordos propostos por Stop Desfiuzamentos. Deste xeito apróbase a moción so seu corpo pero non se aproban os acordos xa que hai indicios de posibles ilegalidade dalgún deles, que farian nulo este acordo.

Polo tanto a proposta é: aprobar a exposición de motivos da Plataforma Stop Desfiuzamentos e que a Comisión de Servizos Sociais do Concello de Rianxo estudiará as propostas presentadas pola Plataforma Stopt Desfiuzamentos.

Dí que o Concello xa fixo algunhas actuacións cos pisos que os Bancos aquí en Rianxo teñen baleiros, gravándoos cos impostos municipais, de cara a crear un fondo de pisos que poidan ser alugados a baixo prezo, xa que desta maneira se poda levar a cabo en Rianxo o Plan Aluga.

Pola Interventora indícase que así non habería problema para adoptar o acordo.

Sométese a Moción a votación ca proposta da Alcaldía da modificación consistente en aprobar a exposición de motivos e instar a Comisión de Servizos Sociais de que estudie os puntos propostos no acordo pola referida Plataforma Stop Desfiuzamentos, apróbase por unanimidade.

Rematado o debate, sométese a moción cas modificacións recollidas a VOTACIÓN, sendo aprobada por unanimidade, cos votos a favor do total dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Polo Sr. Alcalde dase contestacións ás preguntas do último pleno.

- En relación ao contrato da concesión de auga

Dí que van necesitar de máis tempo para preparar o informe, pero xa lle avanza que existe unha sentenza xudicial dos anos 2008 e 2009, que perdeu o Concello, dunha reclamación do ano 2005, que dalgunha maneira recoñecía que a empresa concesionaria xa tería realizado as obras que figuraban no contrato, condenando

incluso ao Concello ó pago dunha cantidade que está pendente de revisión por non ter posto a súa parte. Dí que é unha sentenza xudicial e non cabe discusión, pero que se fara un informe do que hai. Indica que o referido proceso está a disposición dos concelleiros.

Tamén solicitada unha descrición dos cadros de instalación, e pola Intervención xa se está traballando no tema. Antes de que se produza a rescisión do contrato haberá que realizalle unha análise pormenorizado ou unha auditoría ou un informe do que realmente fixo e que vexamos que se hai instalacións que poidan ser incumprimento de contrato. Indica que tamén con esto se podería abrir tamén unha batalla xudicial contra a empresa concesionaria. Dí que en todo caso farase un informe completo polos servizos municipais dos cumprimentos ou incumprimentos dos contratos.

En canto aos distintivos da empresa, era a súa obriga. Dí que os puxeron tarde pero agora xa figura no propio local en varios dos vehículos o nome do Concello de Rianxo.

- En relación as actividades do Edificio do Liceo de espazos e mobiliario, púxéronse en contacto ca directiva do curso, e dar a posibilidade de anular a celebración do curso e devolver o importe da matrícula. Dí que manifestaron que se continuara co mesmo.

Indica que se están tomando medidas en relación ao edificio e que se conseguíu unha subvención nominativa por parte da Deputación para facer un investimento de aproximadamente 56.000 € para dotar ao local de melloras. Estase xestionando outra para melloras na mobilidade.

Engade que ante a posibilidade de non facelo ou facelo cas posibilidades existentes, optouse por ésta última opción por considerar que era a mellor.

No prazo de 3 ou 4 meses farase un concurso para obras de mellora coma instalación de calefacción, cambio de baños, repintado, etc.

En todo o caso engade que se falou ca dirección do curso para valorar as posibilidades e optaron por seguir adiante e ir solventando sobre a marcha as posibles deficiencias que poida haber.

- En canto ao Dolmen de Ouro, cotou cunha achega económica de aproximadamente 5.000 €. Foi a única subvención que o ARI ten solicitado ao Concello. Insiste na resposta dada no anterior Pleno, de que non foi unha oferta do Concello de Rianxo para celebrar a gala aquí, senón que foi ao contrario que é unha proposta que fixo a Asociación de Empresarios, e despois de 13 anos sen que se celebrara aquí pareceunos unha boa idea colaborar cas empresas da comarca e de Rianxo, poñer a Rianxo no calendario publicitario e incluso facer algúns contactos que redunden en beneficio do empresariado local de cara a vender o polígono industrial.

- En relación á petición dun grupo de persoas para que se ceda un local para facer unha recopilación de cancións antigas.

Dí que terán o local cando o queiran. Pensa que houbo unha confusión xa que despois de estar solicitado, unha persoa dese grupo dixo que xa non lles facía falta. Engade que unha vez que se aclaren, soliciten o local, e así como se lles facilita a outros grupos tamén se lles facilitará a eles.

- E canto ao acto da violencia machista, do pasado 7 de outubro, dí que o acto foi institucional e que foi un erro por parte duns medios de comunicación que entenderon que un comunicado de apoio do BNG ao acto, pero en toda a Alcaldía en toda a comunicación que se fixo desde o Concello, en ningún caso puxo nin as siglas nin manifestou que fora un acto de partido, senón que sempre dixo que era un acto institucional.

- En relación aos espellos rompidos en Salto de Lobo, Marquesa, etc., xa están solicitados para compralos e ser reemplazados.

- En canto ás cunetas de Ourille, xa se falou ca brigada para que e proceda a facer esa limpeza.

- Con respecto á Casa da República, hai un informe dunha arquitecto para incluír a obra no Plan de Obras e Servicios, xa que podería ser unha das propostas que se incluíra.

- Tamén se solicitou cando os espellos unha sinal para poñer na autovía que indica que hai un cruce.

- Dí que as obras que se executaron na Praza de Virxe de Guadalupe, son do Concello e pensa que resolveron un problema que tiña na baixada á praza, evitando que caera a auga, se ben en parte leva tella nun espazo que é da comunidade de propietarios, aínda que non se actuou na súa baixada, actuouse en toda a cuberta ca autorización dos propietarios de alí. A Praza é pública e o problema máis gordo tíñamolo na baixada ao noso parking e retellouse todo e repintouse a nosa parte e fíxeronse algúns obras de remate. Agora pódese comprobar que o problema das filtracións que tiña está resolto.

- En canto ás alegacións do PXOM, foron convidados a ter unha xuntanza co equipo redactor e entendo que xa lle deron resposta un pouco a esto.

- Tamén se avisou para que fixeran a revisión da iluminación do paseo.

Dí que os rogos que se fixeron están tratando de darlle solución.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, Antonio Castro Castro, formula os seguintes Rogos:

***R.1.-** Roga que os grupos da oposición dispoñan dun tempo razoable para examen dos asuntos que van ser tratados nos Plenos e Comisión para poder preparar as intervencións co tempo suficiente. Dí que agora se está convocando co tempo xusto e non lles da tempo a preparar as intervencións. Indica que se non dispoñen do tempo suficiente terán que facer un regulamento para poder rexirse polo mesmo.*

O Alcalde toma nota.

R.2.- Roga que se lles facilite un local para as actividades de partido, que aínda non se lles facilitou. Dí que se refire para facer o traballo institucional e que xa debería estar posto a disposición dos partidos.

O Alcalde indícalle que se está facilitando sempre o local para facer reunións e cursos cando o solicitan e que a maioría das actividades estanse facendo en locais municipais.

O Alcalde toma nota.

R.3.- Roga que na Rúa dos Mestres hai unha pequena beirarrúa enfronte do cuartel que está asquerosa polas pombas. Dí que as persoas que viñeron facer a queixa indican que non están tendo un trato correcto por parte do Concello. Indica que ou ben se fan desaparecer as pombas cun método como o que se usou na Ribeira ou hai que limpar a beirarrúa tódolos días. Señala que os locais afectados son unha xestoría e unha ludoteca onde hai nenos pequenos. Pregan se adopten as medidas para resolver isto.

O Alcalde toma nota.

R.3.- Saíu publicado na prensa que asinaron un convenio cunha empresa para que asesora os veciños na contratación das tarifas eléctricas. É unha medida acertada aínda que o noso grupo tiña unha proposta para facer algo similar sen custe algún para o Concello, cun custe pequeno para os veciños, que non suporía máis que un 20% do aforro do veciños, en todo caso é positiva a medida adoptada. Rogan que asesoría se estenda a outros servizos coma o telefónico ou a auga. Indica que lles parece moi grave que haxa que protexer aos veciños da concesionaria da auga, xa que resulta que tamén hai motas queixas sobre a auga: medicións, pequenas obras do mantemento de contadores, etc.

O Alcalde toma nota.

R.3.- Dí que valoran moito o traballo da policía local e pensan que o están facendo bastante ben. Indica que houbo algún veciño que se sentiu ferido, xa que se lle prestou ben o servizo, pero que se debe gardar o segredo profesional. Señala que non debería facerse constar a sigras do nome cando se da una noticia á prensa, xa que isto é un pobo pequeno e coñecemos todos. Roga que de ser posible se eviten dar este tipo de datos á prensa cando se dé algunha noticia.

O Alcalde toma nota.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, formula as seguintes preguntas:

P.1.- En relación ao edificio onde estaba a farmacia do Campo, dí que seguro que se fixo cun proxecto no que implicaría o seu derrubo. ¿Por qué non se derrubou?.

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.2.- Hai un espazo que vai dende a rúa Rosalía de Castro a Irmáns Ínsua que teñen entendido que é privada ten a consideración de pública no alumeadado e noutra serie de cousas. Desexan saber se ¿É pública ou privada?.

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.3.- *En canto os contenedores do lixo pensan que están sucios de máis e supoñen que deben limparse con certa periodicidade ¿Estanse limpando?*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.4.- *Os contenedores das empresas grandes de alimentación non deberían estar dentro das súas propias instalacións ata preto da hora de recollida para que os veciños non tiveran que sufrir os inconvenientes que causan.*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.5.- *As persoas que piden esmola diante dos supermercados, ¿son veciños ou son doutros lugares? E se ¿exercen a actividade voluntaria ou por coacción? ¿pódese facer algo por eles dende a administración local?*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.6.- *En relación ao alumeadado público é unha situación irregular dende fai 4 anos ¿En canto tempo se fai normalizar esta situación?*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.6.- *Con respecto á nota de prensa do investimento deste Concello de un millón e pico de euros na renovación da rede do alumeadado. Este grupo entende que non se dispón deses cartos. Pensan que non debería transcender á prensa estas cuestións, se antes non foron acordados. ¿teñen feito algunha xestión para lograr que algunha outra administración colabore nesa revisión do alumeadado público.?*

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M^a Carmen Figueira Ares**, formula os seguintes rogos:

R.1.- *Roga que na zona da entrada á piscina deberíase buscar a formar para poder apartar cando veña un vehículo de fronte, para evitar que os que desexen entrar teñan que estar parados na rúa Rosalía de Castro interrompindo o tráfico. Tamén roga que se adecente a entrada e se poña alumeadado.*

O alcalde toma nota.

R.2.- *Roga que se desbroce a zona onde están os contenedores do lixo que as veces as herbas son moi grandes, coma no Monte Grande, Campo de Fútbol, Quintáns, etc.*

O Alcalde toma nota.

R.3.- *Roga que se adopten as medidas para que os donos do animais de compañía que os sacan de paseo se preocupen da recollida dos seus excrementos tanto na Vila coma nas parroquias.*

O Alcalde toma nota.

R.4.- *Que nos pasos de peóns, deberíase deixar un metro e medio a cada lado libre de aparcamento para facilitar a visión dos peóns por parte dos conductores*

O Alcalde toma nota.

R.5.- *Na rúa de Carbaxales de Abaixo que non ten saída, se se aparca nas dúas marxes, imposibilita o paso de servizos de emerxencia. Rógase se adopten as medidas oportunas para garantir o paso deses servizos. Tamén se roga que se mire a apertura do vial para a zona do Castelo que xa estaba proxectada.*

O Alcalde toma nota.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M^a Carmen Figueira Ares**, formula as seguintes preguntas:

P.1.- *Os veciños de Asados fai máis de un ano mostraronse de acordo para colaborar co Concello para instalar un parque biosaudable na área recreativa de Santa Lucía. ¿Como está este tema? A día de hoxe non tiveron resposta. É importante aproveitar a colaboración da tódol as asociacións co Concello.*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

P.2.- *¿Qué zonas da urbanización Virxe de Guadalupe son competencia do Concello? Xa que hai unha serie de arranxos que facer coma no vial que vai a Mercadona que cando chove moito non se pode pasar pola auga que se xunta.*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandí**, formula os seguintes rogos:

R.1.- *Que os veciños de A Vacariza e A Devesa na zona de arriba, este ano non se desbrozaron as cunetas igual que outros anos.*

O Alcalde toma nota.

R.2.- *Na solicitude que fixo o voceiro de Rianxo en Común, non é un capricho senón que é un dereito que establece a Lei, incluso debería ser aquí na Casa Consistorial. Xa non están pedindo que sexa no propio concello pero consideran que como grupos políticos e para poder desenvolver a súa labor e recibir aos veciños e traballar as veces na labor como concelleiros, precisan un local municipal. Insiste en que é necesario contar co local.*

R.3.- *Que se lle entregue a documentación ao veciño, que xa se falou no último pleno na medida do posible canto antes.*

Respostas da Alcaldía:

- En relación ao tema das pombas na rúa dos Mestres, xa hai unha proposta da mesma empresa que xa o fixo con anterioridade. Os traballos empezarán en breve. Signala que tamén é debido a que unha parte dos edificios non está ben. Que a comunidade de veciños tampouco se manifestou ao respecto, pasando amplamente do tema. Xa se tramitou a autorización en Medio Ambiente e pronto empezarán os traballos. Signala que os veciños e a comunidade de veciños tamén debería implicarse no tema.

- E canto ao tema do sixilo profesional, dí que comparte esa idea. Que ao grupo de goberno non lle gusta o aireo de certos temas nin que a policía dea tanta información. Están a favor da discreción. Dí que comentará ca policía sobre isto. Indica que non teñen interese en que se faga visible a labor policial.

- Con respecto ao edificio da esquina é un espazo que se quere acomodar, pero que parte da actuación desa zona está a expensas da aprobación do PXOM. Van medidas derivadas nese derrubo que ten que ver como quede o PXOM. Hai unha franxa que inclúe dende a Virxe de Guadalupe ata enfrente ao liceo de 25 m. no que se inclúe o baixo, que ten unha determinada solución urbanística como equipamento, xardín equipamentos público, para mellorar a visibilidade dos que acceden aquí. A idea é de que non se constrúa, que se constrúa máis atrás e que o solar forme parte da cesión de quen queira facer en toda a franxa traseira e foxe cedido ao concello ca fórmula urbanística necesaria, polo tanto actuar urbanisticamente antes de que se aprobe o PXOM que contempla esa medida é complicado.

- En canto á limpeza dos contedores do lixo, fíxose este verán unha limpeza de todos e a idea de encargarlle unha para este inverno. Tamén se están pendente da entrada do Concello na Serra do Barbanza o que conlevaría cambialos todos, e xa dentro da proposta da Serra do Barbanza xa estaría a limpeza trimestral e mensual no verán dentro do propio contrato. No contrato actual non está reflectido.

- En relación ao alumeadado público a idea e de que dentro de 3 meses se teña resolto ou polo menos encamiñado o concurso. Temos o problema de que de momento non temos Secretario ou Secretaria, cousa que se está intentando resolver. En canto se solucione sacarase a concurso o alumeadado público. É unha proposta que se vai poñer sobre a mesa, xa que como Grupo de Goberno teñen capacidade en sacar publicitariamente algunha cousa. Fíxose unha xuntanza onde se lles plantexou cal era a proposta ou o modelo que quería deste Grupo. Sinala que é razoable que o grupo de goberno tamén publicite algunha das súas propostas, non obstante pedirase o apoio dos demais grupos.

- Con respecto á entrada da piscina, vai ser complicado, xa que outro goberno se ocupou de situar ahí a piscina metida detrás do pavillón e cun muro de contención diante. Agora a solución pasa por facer un proxecto para retirar o talud. Hai solicitado un orzamento para mellorar a iluminación desa franxa e da parte de atrás.

- En canto aos desbroces, intentarase resolver a situación dos mesmos.

- En relación á Urbanización Virxe de Guadalupe, é un tema que efectivamente é complicado. No seu día falouse de que era un praza pública de 5.000 metros e a realidade foi que agora quedou en 2.000 metros a zona pública, que quedan marcados polas rampas laterais, a praza de abastos e saída pola rúa Irmáns Ínsúa. O resto da praza é de uso público, pero non praza pública. O concello pode ordear como se adorna, circula, etc. Pero o demais corresponde ás comunidades de propietarios. As veces ocorren problemas coma os das pombas pero non hai interlocures para solucionalos.

Indica que a idea é falar cas comunidade de propietarios e chegar a un acordo, xa que son prazas que están disfrutando todos. Se o concello non pon solución aos diversos problemas que están xurdindo aparecen as reclamacións. Dí que hai que intentar chegar a unha solución mediante un convenio ou un acordo para resolver os problemas. O Concello regula o uso pero non é da súa propiedade. Sinala que non foi ven regulado no seu día.

- En canto ao tema do locar, espera que esta semana se poda resolver o tema, xa que non está no ánimo do grupo de goberno negar o mesmo. Confía que quede o tema solucionado á maior brevidade.

Sendo as 23:19 Horas ábrese a quenda de rogos e preguntas para o público asistente.

- Preguntan polos cadros de diferencias do alumado que están mal, xa que agora ao vir as choivas poden ser perigosos, xa que poden morrer incluso persoas. Sinala que a empresa que agora ten o contrato non debeu facer as revisións ou as fixo mal.

O Alcalde responde que eses cadros xa están incluídos no contrato que se vai facer do alumado. Dí que toma nota e que se revisaran.

- Insisten nos accesos á piscina municipal, indicando que se pode entrar polo mesmo sitio que agora se fai e sair polo outro lado do pavillón.

O Alcalde dí que se estudiará o tema pero que enfrente hai un aparcamento de 70 vehículos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 22:15 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

**A Secretaria accidental.
DXAL**

Adolfo Muíños Sánchez

Vicenta A. Campaña Martinez